



**CONSELLO DE CONTAS
DE GALICIA**

ELECCIONES AL PARLAMENTO DE GALICIA

21 DE OCTUBRE DE 2001



ÍNDICE

Eleccións ó Parlamento de Galicia

21 de outubro de 2001

1. Introducción	1
1.1. Marco legal	1
1.2. Ámbito subxectivo da fiscalización	2
1.3. Metodoloxía da fiscalización	3
1.4. Obxectivos da fiscalización	3
1.5. Alcance	3
1.6. Aspectos específicos a verificar	4
1.7. Procedementos de fiscalización e actuacións a realizar	5
1.8. Limitacións ó alcance da fiscalización	7
2. Resultados da fiscalización	7
2.1. Resultados electorais	7
2.2. Tipos de subvencións e límite máximo da subvención	10
2.3. Adiantos ou anticipos das subvencións	13
2.4. Subvencións públicas pendentes de percibir	14
2.5. Límite máximo de gastos	15
2.6. Actuacións das xuntas electorais	16
2.7. Resumen de conclusións	17
2.8. Declaración de gastos regulares xustificados	17
3. Regularidade das contabilidades electorais	17
3.1. Partido Popular	19
3.1.1. Información económico-financeira e contable posta a disposición do equipo de fiscalización	19
3.1.2. Recursos financeiros	20
3.1.3. Gastos electorais	21
3.1.3.1. Gastos por operacións ordinarias	21
3.1.3.2. Gastos por envíos electorais	22
3.1.4. Cálculo do límite de gastos electorais	23
3.1.5. Verificación do cumprimento do artigo 133.4 da LOREX	24
3.1.6. Verificación do cumprimento do artigo 133.5 da LOREX	24
3.1.7. Tesourería da campaña	24
3.1.8. Cálculo do límite máximo da subvención	25
3.1.9. Proposta de non adxudicación ou de redución da subvención electoral	25
3.1.10. Conclusións	26
3.1.11. Opinión	27
3.1.12. Alegacións	27
3.2. Bloque Nacionalista Galego (BNG)	29
3.2.1. Información económico-financeira e contable posta a disposición do equipo de fiscalización	29
3.2.2. Recursos financeiros declarados afectos á campaña electoral	29



3.2.3. Gastos electorais	30
3.2.3.1. Gastos por operacións ordinarias.....	30
3.2.3.2. Gastos por envíos electorais	31
3.2.4. Cálculo do límite máximo de gastos electorais.....	32
3.2.5. Verificación do cumprimento do artigo 133.4 da LOREX.....	33
3.2.6. Verificación do cumprimento do artigo 133.5 da LOREX.....	33
3.2.7. Tesourería da campaña	33
3.2.8. Cálculo do límite máximo da subvención.....	34
3.2.9. Proposta de non adxudicación ou de redución da subvención electoral	35
3.2.10. Conclusións.....	35
3.2.11. Opinión	35
3.2.12. Alegacións.....	36
3.3. Partido dos Socialistas de Galicia - Partido Socialista Obrero Español.....	37
3.3.1. Información económico-financeira e contable posta a disposición do equipo de fiscalización.....	37
3.3.2. Recursos financeiros declarados afectos á campaña electoral	38
3.3.3. Gastos electorais	39
3.3.3.1. Gastos por operacións ordinarias.....	39
3.3.3.2. Gastos por envíos electorais	40
3.3.4. Cálculo do límite máximo de gastos.....	41
3.3.5. Verificación do cumprimento do artigo 133.4 da LOREX.....	42
3.3.6. Verificación do cumprimento do artigo 133.5 da LOREX.....	42
3.3.7. Tesourería da campaña	43
3.3.8. Cálculo do límite máximo da subvención.....	43
3.3.9. Proposta de non adxudicación ou de redución da subvención electoral	44
3.3.10. Conclusións.....	44
3.3.11. Opinión	45
3.3.12. Alegacións.....	46
3.4. Esquerda de Galicia.....	47
3.4.1. Alegacións	48
4. Declaración de gastos regulares xustificadas.....	49
4.1. Importes líquidos pendentes de percibir	50
4.2. Importes a reintegrar.....	50
ANEXOS	
Anexo I. Resumo de gastos e subvencións.....	53
Anexo II. Resultado da actividade fiscalizadora da Xunta Electoral de Galicia	57



1. INTRODUCCIÓN

1.1. MARCO LEGAL

A Lei 8/1985, de 13 de agosto, de Eleccións ó Parlamento de Galicia (LEPG), atribúe ó Consello de Contas de Galicia as facultades que a lexislación electoral xeral outorga ó Tribunal de Contas, en relación coas contabilidades de ingresos e gastos dos procesos electorais.

Así mesmo, a Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral (LOREX), nos termos que establece a súa Disposición Adicional 1ª, é de aplicación ás eleccións ás Asembleas das Comunidades Autónomas, e ten carácter supletorio da lexislación autonómica na materia (artigo 1º, apartado 2º).

O artigo 47 da LEPG establece que o Consello de Contas pronunciárase sobre a regularidade das contabilidades electorais. No suposto de que apreciase irregularidades ou violación dos límites establecidos na materia de ingresos e gastos electorais, poderá propoñer a non adxudicación ou a redución da subvención a obter da Comunidade Autónoma para o partido, federación ou agrupación implicada.

Se advertise, ademais, indicios de condutas constitutivas de delicto, comunicáralo ó Ministerio Fiscal (artigo 47, apartado 3º da Lei 8/1985).

O mesmo artigo 47, no seu apartado 4º sinala que o Consello de Contas remitirá ó Parlamento e á Xunta de Galicia os resultados da fiscalización mediante informe razoado, comprensivo da declaración dos gastos regulares xustificadas por cada partido, federación, coalición ou agrupación de electores.

Na realización da fiscalización das eleccións ó Parlamento de Galicia celebradas o 21 de outubro de 2001, tivéronse en conta as seguintes disposicións legais:

- Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, (BOE nº 101, do 28 de abril de 1981; DOG do 10 de abril de 1981).
- Lei 8/1985, de 13 de agosto, de Eleccións ó Parlamento de Galicia, modificada pola Lei 15/1992, de 30 de decembro (LEPG), (BOE do 16 de outubro de 1985; DOG do 16 de agosto de 1985).
- Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, (BOE nº 147, do 20 de xuño de 1985), modificada polas Leis Orgánicas 1/1987, do 2 de abril; 8/1991, do 13 de marzo; 6/1992, do 2 de novembro; 13/1994, do 30 de marzo; 3/1995, do 23 de marzo; 10/1995, do 23 de novembro; 1/1997, do 30 de maio; 3/1998, do 15 de xuño e 8/1999, do 21 de abril. (LOREX).
- Lei Orgánica 3/1987, de 2 de xullo, de Financiamento dos Partidos Políticos, (BOE nº 158 do 3 de xullo de 1987).

- Lei 54/1978, de 4 de decembro, de Partidos Políticos, (BOE nº 293, do 8 de decembro de 1978).
- Real Decreto 421/1991, do 5 de abril, (BOE nº 83, do 6 de abril de 1991) de normas reguladoras dos procesos electorais, modificado polo Real Decreto 563/1993.
- Real Decreto 1907/1995, do 24 de novembro, de regulación da tramitación das subvencións estatais anuais e por gastos electorais ás formacións políticas, (BOE nº 298, do 14 de decembro de 1995).
- Real Decreto 950/2001, do 3 de agosto, (BOE nº 214, xoves, 6 de setembro de 2001), polo que se declaran oficiais as cifras de poboación resultantes da revisión do Padrón municipal referidas ó 1 de xaneiro de 2000.
- Decreto 197/2001, do 27 de agosto, de disolución do Parlamento de Galicia e de convocatoria de eleccións, (DOG nº 166, do 28 de agosto de 2001).
- Decreto 198/2001, do 27 de agosto, polo que se establecen normas sobre urnas, cabinas, papeletas, sobres e documentación que se utilizará nas eleccións ó Parlamento de Galicia, (DOG nº 166, do 28 de agosto de 2001).
- Resolución do 28 de agosto de 2001, pola que se fan públicos os membros integrantes da Xunta Electoral de Galicia, (DOG nº 169, do 31 de agosto de 2001).
- Orde da Consellería de Economía e Facenda de 28 de agosto de 2001, pola que se fixan as cantidades actualizadas das subvencións por gastos electorais para as eleccións ó Parlamento de Galicia do día 21 de outubro de 2001, (DOG nº 167, do 29 de agosto de 2001).
- Resolución da Consellería da Presidencia e Administración Pública do 18 de setembro de 2001, pola que se fan públicas as candidaturas presentadas nas Xuntas Electorais Provinciais de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, para as eleccións ó Parlamento de Galicia do 21 de outubro de 2001, (DOG nº 182, do 19 de setembro de 2001).
- Resolución da Xunta Electoral de Galicia do 8 de novembro de 2001 pola que se fan públicos os resultados xerais e por circunscricións e a relación de deputados proclamados electos nas eleccións ó Parlamento de Galicia celebradas o día 21 de outubro de 2001, (DOG nº 219, do 13 de novembro de 2001).
- Resolución da Xunta Electoral de Galicia do 30 de novembro de 2001 sobre correccións de cifras nas circunscricións electorais de Ourense e Lugo e, en consecuencia, dos resultados xerais das últimas eleccións ó Parlamento de Galicia do 21 de outubro de 2001, (DOG nº 238, do 11 de decembro de 2001).

1.2. ÁMBITO SUBXECTIVO DA FISCALIZACIÓN

Para delimitar as formacións políticas que deben presentar as súas contas neste Consello de Contas, o artigo 46.1 da Lei 8/1985, de 13 de agosto, de Eleccións ó Parlamento de Galicia circunscríbese a aqueles que alcanzaron os requisitos esixidos para recibir subvencións da Comunidade Autónoma de Galicia ou que solicitaran adiantos con cargo ós mesmos, establecendo o citado artigo que presentarán ante o



Consello de Contas unha contabilidade detallada e documentada dos seus respectivos ingresos e gastos electorais.

Os partidos e coalicións que reúnen estes requisitos son os seguintes:

- Partido Popular.
- Bloque Nacionalista Galego.
- Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE.
- Esquerda de Galicia.

Todas estas formacións políticas cumpriron co mandato legal presentando a súa contabilidade electoral dentro do período establecido polo artigo 46.1 da Lei 8/1985, de 13 de agosto, agás Esquerda de Galicia que, aínda que non acadou representación parlamentaria, recibiu un anticipo de subvención.

1.3. METODOLOXÍA DA FISCALIZACIÓN

O artigo 47.2 require o pronunciamento do Consello de Contas sobre a regularidade das contabilidades electorais, o cal se deberá facer dentro dos sete meses seguintes ás eleccións. Para cumprir con este mandato o Pleno do Consello de Contas aprobou, para a fiscalización, os seguintes obxectivos.

1.4. OBXECTIVOS DA FISCALIZACIÓN

Para cumprir con este mandato o Pleno do Consello de Contas aprobou, para a fiscalización, os seguintes obxectivos:

- 1.- Cumprimento da legalidade, tanto da estritamente electoral como da normativa de xeral aplicación.
- 2.- Representatividade da contabilidade electoral rendida.
- 3.- Grao de xustificación documental dos rexistros contables.

1.5. ALCANCE

A fiscalización tivo como obxecto examina-la regularidade das contabilidades electorais das eleccións ó Parlamento de Galicia celebradas o 21 de outubro de 2001, rendidas polas formacións políticas, que se deduce da análise do grao de cumprimento dos principios xerais contidos no vixente Plano Xeral de Contabilidade e das disposicións específicas da lexislación electoral, e con especial referencia ós recursos, gastos e tesourería da campaña.

As verificacións da contabilidade electoral realizáronse sobre os orixinais da documentación contable e xustificativa que presentaron as formacións políticas ante o Consello de Contas de Galicia.

A análise do cumprimento dos principios xerais contidos no vixente Plano Xeral de Contabilidade consistiu en verifica-la adecuación dos rexistros contables á natureza económica de cada operación e a exactitude das contías anotadas mediante a comprobación da documentación xustificativa.

1.6. ASPECTOS ESPECÍFICOS A VERIFICAR

No desenvolvemento destas funcións, a fiscalización realizouse, en especial, sobre os seguintes puntos, derivados das prescricións legais:

1º.- O cumprimento do límite máximo das contribucións fixado no artigo 129 da LOREX (un millón de pesetas por persoa e partido), verificando que naquelas figuran os datos de identificación esixidos no artigo 126 ás persoas físicas ou xurídicas que contribúan a financia-la campaña electoral.

2º.- A orixe dos recursos que os partidos destinan a gastos de campaña (artigo 126 da LOREX).

3º.- A prohibición de aportar fondos imposta ás Administracións Públicas, Organismos Autónomos, Entidades Paraestatais, Empresas do Sector Público ou con contrato en vigor con algunha Administración Pública, así como ás entidades ou persoas estranxeiras (artigo 128 da LOREX).

4º.- A contracción dos gastos desde a data de convocatoria de eleccións (DOG do 28 de agosto de 2001) ata a da proclamación de electos (DOG do 13 de novembro de 2001), en función do sinalado no artigo 130 da Lei Orgánica 5/1985, modificada pola Lei Orgánica 8/1991, así como a natureza daqueles e a súa concordancia coa clasificación establecida en dito precepto.

5º.- A xustificación dos gastos realizados no período sinalado anteriormente mediante documentos que cumpran os requisitos fixados polas normas e principios contables, mercantís e fiscais.

6º.- A disposición de fondos das contas correntes de campaña dentro do prazo do artigo 125 da LOREX, que no actual proceso finalizou o 19 de xaneiro de 2002.

7º.- A non realización polas formacións políticas de gastos superiores ás cifras que se deducen da Orde do 28 de agosto de 2001 pola que se fixan as cantidades actualizadas das subvencións por gastos electorais para as eleccións ó Parlamento de Galicia do 21 de outubro de 2001, o cal se expón no presente informe con concreción e detalle.

8º.- O cumprimento da obriga que impón o artigo 133 da LOREX ás entidades financeiras que concederan créditos ás forzas concorrentes, e ás empresas que facturaran por importes superiores ó millón de pesetas, de comunicar tales prestacións ó Consello de Contas.

9º.- Que a contabilidade dos partidos, federacións ou coalicións se axuste, en todo caso, ós principios xerais contidos no vixente Plano Xeral de Contabilidade (artigo 121-2º da LOREX).



1.7. PROCEDEMENTOS DE FISCALIZACIÓN E ACTUACIÓNS A REALIZAR

1. Formar toda a normativa reguladora necesaria para levar a cabo a fiscalización dos gastos electorais.
2. Obte-lo número de deputados a elixir, a partires do Decreto de disolución do Parlamento de Galicia e convocatoria de eleccións.
3. A partires do Real Decreto correspondente obte-la declaración das cifras oficiais do Padrón Municipal correspondentes a tódolos concellos de Galicia.
4. A partires da Resolución da Xunta Electoral de Galicia obte-los resultados das candidaturas concorrentes, o número de cada unha das formacións que obtiveran representación parlamentaria e o número de electores.
5. Calcula-los seguintes límites de subvencións e de gastos electorais:
 - Subvención por cada escano obtido, 2.582.093 pesetas.
 - Subvención por voto conseguido por cada candidatura que obteña escano, 96 pesetas.
 - Gastos ocasionados polo envío directo e persoal ós electores, de sobres e papeletas electorais ou de propaganda e publicidade electoral, sempre que a candidatura obteña representación. (26 pesetas por elector).
 - Gastos electorais. O límite será o que resulte de multiplicar por 77 pesetas o número de habitantes correspondente á poboación de dereito da circunscrición onde presente as súas candidaturas cada partido, federación, coalición ou agrupación de electores. Verificar que, de acordo co disposto no artigo 55.3 da LOREX o gasto en publicidade exterior non pode exceder do 25% do límite de gasto expresado (77 pesetas por habitante).

Verificar, así mesmo, que conforme di o artigo 58 da LOREX, relativo ós gastos de publicidade en prensa periódica e emisoras de radio privadas, estes gastos non superaron o 20 % do límite máximo de gastos.
6. Obter da Xunta de Galicia o Acordo de concesión de subvencións e a documentación correspondente á tramitación dos anticipos de subvencións ás formacións políticas que tivesen dereito a ilo. O artigo 45.1 da LEPG establece que *"A Comunidade Autónoma de Galicia concederá anticipos das subvencións mencionadas ós partidos, coalicións, federacións e agrupacións que obtiveran representantes nas últimas eleccións celebradas ó Parlamento de Galicia, de ata un 30% da subvención percibida naquelas "*. Polo tanto, solicitar á Consellería de Presidencia e Administración Pública a información sobre adiantos de subvencións públicas.
7. Verifica-la totalidade dos documentos incluídos nas contas, ós rexistros contables e antecedentes presentados e requiridos. Estas comprobacións son necesarias para formula-la declaración do importe exacto dos gastos regulares xustificadas á que fai referencia o artigo 134 da Lei Orgánica 5/1985.

8. Dado que o artigo 121.2 da LOREX, conforme a redacción dada pola Lei Orgánica 8/1991, de 13 de marzo, establece que a contabilidade axustarase en todo caso ós principios xerais contidos no vixente Plano Xeral de Contabilidade, solicitar ás forzas políticas que tiveran acadado representación parlamentaria dentro do prazo legal previsto no artigo 46.1 da LEPG, a documentación contable electoral correspondente ás eleccións autonómicas de 2001, concretamente:

- Contas de financiamento e gastos electorais e notas explicativas das mesmas.
- Libro Diario de operacións.
- Libro Maior.
- Conta de resultados.
- Cadro de orixes e aplicacións.
- Xustificantes.

A documentación deberá ser remitida por escrito do Administrador xeral relacionando a documentación presentada, quen, así mesmo, deberá asina-las notas ás contas de financiamento e gastos electorais e dilixencia-los libros maior e diario para facer constar o número de páxinas de cada un deles, e que deben recoller tódalas operacións de financiamento e gastos electorais.

9. Circularizar a tódalas empresas que facturaron por importe superior a 100.000 pesetas para verificar que cumpriron co requisito sinalado polo artigo 133.5 da LOREX de comunicar ó Consello de Contas as facturacións superiores ó millón de pesetas, así como para contrasta-los datos da facturación cos que figuran nos rexistros contables das formacións políticas ás que se estende o alcance da fiscalización. Fixar como data tope para a recepción da documentación o día 20 de abril de 2002.

10. Realizar así mesmo esta circularización ás entidades financeiras que outorgaran créditos ou préstamos, debendo notifica-la concesión a este Consello de Contas (artigo 133 da Lei Orgánica 5/1985).

11. Solicitar ás entidades financeiras os extractos bancarios das contas electorais de campaña e a autorización de firmas para o movemento das citadas contas.

12. Verificar que o aval do 10% foi depositado segundo establece o artigo 133.4 da LOREX.

13. Dado que o artigo 132.1 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, despois da modificación do 30 de marzo de 1994, prevé que desde a data de convocatoria ata o centésimo día posterior á celebración das eleccións, as Xuntas Electorais velarán polo cumprimento das normas establecidas en dita Lei sobre gastos e subvencións electorais, engadindo o apartado 5º que "*así mesmo as Xuntas Electorais informarán ó Tribunal de Contas dos resultados da súa actividade fiscalizadora*", solicitar á Xunta Electoral de Galicia a información detallada da súa actividade fiscalizadora, particularmente:



- Xunta Electoral de Galicia.

Nome dos Administradores Xerais dos partidos políticos.

Número e denominación e condicións das contas correntes abertas nas Entidades Financeiras.

Información detallada sobre os préstamos e créditos solicitados e a súa afectación á subvención.

Informe, ó que se refire o artigo 132.5 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, sobre os ingresos e gastos electorais das forzas políticas concorrentes ás eleccións ó Parlamento de Galicia celebradas o día 21 de outubro de 2001. Este informe da Xunta Electoral de Galicia xúntase como anexo ó informe de fiscalización do Consello de Contas.

Documentos acreditativos das peticións de anticipos de subvencións electorais por parte das correspondentes formacións políticas.

1.8. LIMITACIÓNS Ó ALCANCE DA FISCALIZACIÓN

No transcurso desta fiscalización non se padeceron limitacións ó alcance, téndose satisfeito os obxectivos propostos.

2. RESULTADOS DA FISCALIZACIÓN

2.1. RESULTADOS ELECTORAIS

No artigo 3º do Decreto 197/2001, de 28 de agosto, sinalase que en aplicación do artigo 9 da Lei 8/1985, de 13 de agosto, modificada pola Lei 15/1992, de 30 de decembro, de eleccións ó Parlamento de Galicia, o número de Deputados a elixir é de 75, distribuídos nas circunscricións de A Coruña (24), Lugo (15), Ourense (14) e Pontevedra (22).

Por Resolución da Xunta Electoral de Galicia de 8 de novembro de 2001 (DOG nº 219, do 13 de novembro de 2001) publícanse os resultados xerais e por circunscricións e a relación de deputados proclamados electos nas eleccións ó Parlamento de Galicia celebradas o día 21 de outubro de 2001. Así mesmo, no DOG do día 11 de decembro de 2001, publícase a Resolución da Xunta Electoral de Galicia, do 30 de novembro de 2001, sobre correccións de cifras nas circunscricións electorais de Ourense e Lugo e, en consecuencia, dos resultados xerais das eleccións.

De acordo coas anteriores resolucións o detalle dos resultados electorais é o seguinte:

RESULTADOS XERAIS		
- Censo de electores	2.567.670	
- Participación	1.544.694	
- Abstención	1.022.976	
- Votos nulos	10.755	
- Votos válidos	1.533.939	
- Votos en branco	25.988	
- Votos a candidaturas	1.507.951	
	Votos	Escanos
- Partido Popular	791.885	41
- Bloque Nacionalista Galego	346.430	17
- PSdeG.-PSOE	334.819	17
- Esquerda Unida - Izquierda Unida	10.431	---
- Democracia Progresista Galega	6.938	---
- Esquerda de Galicia	5.001	---
- Partido de los Autónomos y Profesionales	4.481	---
- Partido Humanista	4.137	---
- Fronte Popular Galega	3.176	---
- Partido Social y Democrático de Derecho	646	---
Total votos a candidaturas	1.507.944	75

Resultados por circunscricións electorais:

A CORUÑA		
- Censo de electores	1.039.786	
- Participación	614.019	
- Abstención	425.767	
- Votos nulos	4.280	
- Votos válidos	609.739	
- Votos en branco	11.352	
- Votos a candidaturas	598.387	
	Votos	Escanos
- Partido Popular	296.734	12
- Bloque Nacionalista Galego	146.816	6
- PSdeG.-PSOE	139.662	6
- Esquerda Unida - Izquierda Unida	4.278	---
- Democracia Progresista Galega	3.032	---
- Partido de los Autónomos y Profesionales	2.492	---
- Esquerda de Galicia	2.447	---
- Partido Humanista	1.822	---
- Fronte Popular Galega	1.104	---
Total votos a candidaturas	598.387	24

LUGO		
- Censo de electores	345.598	
- Participación	223.057	
- Abstención	122.541	
- Votos nulos	1.598	
- Votos válidos	221.459	
- Votos en branco	2.752	
- Votos a candidaturas	218.707	
	Votos	Escanos
- Partido Popular	124.042	9
- PSdeG.-PSOE	47.838	3
- Bloque Nacionalista Galego	43.252	3
- Esquerda Unida - Izquierda Unida	1.195	---
- Democracia Progresista Galega	650	---
- Esquerda de Galicia	492	---
- Partido Humanista	445	---
- Partido de los Autónomos y Profesionales	419	---
- Fronte Popular Galega	367	---
Total votos a candidaturas	218.700	15



OURENSE			PONTEVEDRA		
- Censo de electores	350.643		- Censo de electores	831.643	
- Participación	212.292		- Participación	495.326	
- Abstención	138.351		- Abstención	336.317	
- Votos nulos	1.268		- Votos nulos	3.609	
- Votos válidos	211.024		- Votos válidos	491.717	
- Votos en branco	2.440		- Votos en branco	9.444	
- Votos a candidaturas	208.584		- Votos a candidaturas	482.273	
	Votos	Escanos		Votos	Escanos
- Partido Popular	121.073	8	- Partido Popular	250.036	12
- Bloque Nacionalista Galego	42.780	3	- Bloque Nacionalista Galego	113.582	5
- PSdeG.-PSOE	40.695	3	- PSdeG.-PSOE	106.624	5
- Democracia Progresista Galega	1.561	---	- Esquerda Unida - Izquierda Unida	4.048	---
- Esquerda Unida - Izquierda Unida	910	---	- Democracia Progresista Galega	1.695	---
- Partido Humanista	426	---	- Esquerda de Galicia	1.703	---
- Fronte Popular Galega	392	---	- Partido Humanista	1.444	---
- Partido de los Autónomos y Profesionales	388	---	- Fronte Popular Galega	1.313	---
- Esquerda de Galicia	359	---	- Partido de los Autónomos y Profesionales	1.182	---
			- Partido Social y Democrático de Derecho	646	---
Total votos a candidaturas	208.584	14	Total votos a candidaturas	482.273	22

Apréciase unha diferenza de sete votos na circunscrición electoral de Lugo na que, de acordo coa corrección de cifras feita pola Xunta Electoral de Galicia na súa resolución do 30 de novembro de 2001, os votos a candidaturas superan nesa cantidade á suma dos votos outorgados a cada partido, federación, coalición ou agrupación.

Da acumulación dos datos anteriores obtéñense os seguintes resultados globais computables a efectos da percepción de subvencións públicas, segundo os criterios do artigo 10 da LEPG.

Partido, Federación, Coalición ou Agrupación	Votos	Escanos
- Partido Popular	791.885	41
- Bloque Nacionalista Galego	346.430	17
- PSdeG.-PSOE	334.819	17
	-----	75

O número de electores censados é 2.567.670.

2.2. TIPOS DE SUBVENCIONS E LÍMITE MÁXIMO DA SUBVENCIÓN

O apartado 1º do artigo 44 da LEPG dispón que a Comunidade Autónoma subvencionará os gastos electorais de acordo cos seguintes baremos:

- a) Subvención por cada escano obtido.
- b) Subvención por voto conseguido por cada candidatura que obteña escano.

Este artigo determina no apartado número 4 que:

“4.- As cantidades mencionadas nos apartados anteriores refírense a pesetas constantes. A Consellería de Economía e Facenda fixará as cantidades actualizadas nos cinco días seguintes á convocatoria de eleccións.”

Esta actualización levouse a cabo pola Orde da Consellería de Economía e Facenda de 28 de agosto de 2001, pola que se fixan as cantidades actualizadas das subvencións por gastos electorais para as eleccións ó Parlamento de Galicia do 21 de outubro de 2001 (DOG nº 167, mércores, 29 de agosto de 2001), establecendo o seguinte:

"Artigo único.- As cantidades ás que se refíre o artigo 44 da Lei 8/1985, de 13 de agosto, de eleccións ó Parlamento de Galicia, modificada pola Lei 15/1992, do 30 de decembro, unha vez actualizadas, serán as seguintes:

- 1. Subvención de 2.582.093 de pesetas (15.518,69 €) por cada escano obtido no Parlamento de Galicia.*
- 2. Subvención de 96 pesetas (0,58 €) por cada un dos votos conseguidos por cada candidatura, se un, polo menos, dos membros dela obtivo escano de deputado.*
- 3. Ademais das subvencións ás que se refíren os apartados anteriores, a Comunidade Autónoma subvencionará os partidos, federacións, coalicións e agrupación de electores, polos gastos ocasionados polo envío directo e persoal ós electores de sobres e papeletas electorais ou de propaganda e publicidade electoral, a razón de 26 pesetas (0,16 euros) por elector, sempre que a candidatura de referencia obteña representación.*
- 4. O límite dos gastos electorais nas eleccións ó Parlamento de Galicia será o que resulte de multiplicar por 77 pesetas (0,46 €) o número de habitantes correspondentes á poboación de dereito da circunscrición onde presente as súas candidaturas cada partido, federación, coalición ou agrupación de electores.*

Non se incluírán dentro dos límites dos gastos electorais as cantidades subvencionadas de acordo co disposto no apartado 3 anterior.”



Na realización desta fiscalización tomáronse como cantidades de referencia para efectua-los cálculos correspondentes os importes que en pesetas reflicte a Orde reguladora, considerándose os importes expresados en euros que na mesma figuran como meramente indicativos e aproximados.

En consecuencia, as operacións aritméticas efectuáronse sempre en pesetas, ofrecéndose as cifras en euros como expresión do contravalor das cifras obtidas en pesetas.

A disposición adicional primeira do Real Decreto 605/1999, do 16 de abril, de regulación complementaria dos procesos electorais, establece en canto á determinación do límite dos gastos electorais, que para aplicación da fórmula regulada nas disposicións especiais da LOREX que permite determina-lo límite dos gastos electorais que poden realiza-los partidos, federacións, coalicións ou agrupacións en cada tipo de elección, teranse en conta as cifras de poboación resultantes da última revisión do padrón municipal de habitantes, oficialmente aprobada.

De acordo co Real Decreto 950/2001, do 3 de agosto, (BOE nº 214, xoves, 6 de setembro de 2001), polo que se declaran oficiais as cifras de poboación resultantes da revisión do Padrón Municipal referidas ó 1 de xaneiro de 2000, os citados límites fíxanse nas contías seguintes:

Importe en pesetas.

PROVINCIA	POBOACIÓN [Padrón 1-1-00]	LÍMITE GASTOS ELECTORAIS 77 Ptas / habitante
A Coruña	1.108.419	85.348.263
Lugo	365.619	28.152.663
Ourense	345.241	26.583.557
Pontevedra	912.621	70.271.817
TOTAIS	2.731.900	210.356.300

O límite máximo de gastos, sen ter en conta os gastos correspondentes do envío a electores de sobres e papeletas electorais, publicidade e propaganda, da Comunidade Autónoma no seu conxunto, é aplicable a tódalas formacións políticas analizadas, ó concorrer ós comicios nas catro circunscricións.

A aplicación destas cifras ós resultados sinalados orixina a seguinte distribución das subvencións públicas:

Subvencións suxeitas a límite (escanos e votos).

Importe en pesetas.

PARTIDO, FEDERACIÓN, COALICIÓN OU AGRUPACIÓN	ESCANOS			VOTOS (PTAS/VOTO - 96)		SUBVENCIÓN SUXEITA Ó LÍMITE [3]=[1]+[2]
	Nº ESCANOS	PTAS. POR ESCANO	IMPORTE POR ESCANOS [1]	Nº DE VOTOS	IMPORTE POR VOTOS [2]	
Partido Popular	41	2.582.093	105.865.813	791.885	76.020.960	181.886.773
Bloque Nacionalista Galego	17	2.582.093	43.895.581	346.430	33.257.280	77.152.861
PS de G-PSOE	17	2.582.093	43.895.581	334.819	32.142.624	76.038.205
TOTAIS	75	2.582.093	193.656.975	1.473.134	141.420.864	335.077.839

As subvencións suxeitas ó límite son inferiores, para cada partido político, ó límite dos gastos electorais no conxunto da Comunidade Autónoma.

Así mesmo, en aplicación do artigo 127 da Lei 5/1985, en ningún caso a subvención correspondente a cada grupo político poderá supera-la cifra de gastos electorais declarados, xustificados polo Tribunal de Contas no exercicio da súa función fiscalizadora, (de acordo coa disposición adicional primeira, apartado 1 da citada Lei, en vez de Tribunal de Contas debe lerse Consello de Contas).

Subvención non suxeita a límite (Envíos electorais).

PARTIDO, FEDERACIÓN, COALICIÓN OU AGRUPACIÓN	SUBV. POR ELECTORES (SOBRES E PAPELETAS) CENSO - 2.567.670 PESETAS/ELECTOR-26 PESETAS
Partido Popular	66.759.420
Bloque Nacionalista Galego	66.759.420
PS de G-PSOE	66.759.420
TOTAIS	200.278.260

O límite máximo da subvención obtense pola suma da subvención suxeita ó límite (escanos e votos) e a subvención non suxeita ó límite (Envíos electorais).

Límite máximo da subvención.

Importe en pesetas.

PARTIDO, FEDERACIÓN, COALICIÓN OU AGRUPACIÓN	SUBVENCIÓN SUXEITA Ó LÍMITE [1]	SUBV. POR ELECTORES (SOBRES E PAPELETAS) CENSO - 2.567.670 PESETAS/ELECTOR-26 PESETAS [2]	LÍMITE MÁXIMO SUBVENCIÓN [3]=[1]+[2]
Partido Popular	181.886.773	66.759.420	248.646.193
Bloque Nacionalista Galego	77.152.861	66.759.420	143.912.281
PS de G-PSOE	76.038.205	66.759.420	142.797.625
TOTAIS	335.077.839	200.278.260	535.356.099

Este límite máximo da subvención queda condicionado a que se xustifique o gasto como gasto regular, de conformidade co establecido no artigo 127 da LOREX, xa que en ningún caso a subvención correspondente a cada grupo político poderá supera-la cifra de gastos electorais declarados, xustificados polo Tribunal de Contas no exercicio da súa función fiscalizadora, (de acordo coa disposición adicional primeira, apartado 1 da citada Lei, en vez de Tribunal de Contas debe lerse Consello de Contas).



2.3 ADIANTOS OU ANTICIPOS DAS SUBVENCIÓNS

O artigo 45.1 da LEPG establece que *"A Comunidade Autónoma de Galicia concederá anticipos das subvencións mencionadas ós partidos, coalicións, federacións e agrupacións que obtiveran representantes nas últimas eleccións celebradas ó Parlamento de Galicia, de ata un 30% da subvención percibida naquelas"*.

Os presupostos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2001 asignaron á Consellería de Presidencia e Administración Pública un crédito de 144.700.000 pesetas para atendelos pagos correspondentes ós anticipos de subvencións ós partidos políticos con representación parlamentaria. Con cargo ó mencionado crédito concedéronse os seguintes anticipos de subvencións:

PARTIDO, FEDERACIÓN, COALICIÓN OU AGRUPACIÓN	1º. ANTICIPO DE SUBVENCIÓN
	PESETAS
Partido Popular	68.216.422
Bloque Nacionalista Galego	40.344.869
PS de G-PSOE	31.269.465
Esquerda de Galicia	4.810.687
TOTAIS	144.641.443

Estas cifras coinciden, en cada un dos casos, co límite do 30% que sinala o mencionado artigo 45, calculado sobre as subvencións outorgadas nas eleccións do 19 de outubro de 1997.

O artigo 133.4 da LOREX establece o dereito, das formacións políticas que obtiveran representación parlamentaria que o solicitaran, a un segundo anticipo ata acadalo 90% do importe das subvencións que lles corresponda de acordo cos resultados electorais, descontado o importe do primeiro anticipo do 30%.

Dispón este artigo que para poder recibi-lo anticipo os partidos, coalicións e federacións deberán presentar aval bancario polo 10% da subvención percibida.

O día 12 de abril de 2002, a Xunta de Galicia comunicou, a requirimento deste Consello, o estado da tramitación do segundo anticipo ós partidos que o solicitaron.

Da documentación remitida pola Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública derívase:

1º) Que as formacións políticas que solicitaron o segundo anticipo foron o Partido Popular, o Bloque Nacionalista Galego e o Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE.

2º) Que o aval do 10%, que establece o artigo 133.4 da LOREX, foi constituído por cada unha das citadas formacións políticas.

3º) Que segundo a Memoria-Proposta de gasto de data 8 de abril de 2002, da Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias da Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, as cantidades a satisfacer en concepto de segundo anticipo son as seguintes:

PARTIDO, FEDERACIÓN, COALICIÓN OU AGRUPACIÓN	2º. ANTICIPO DE SUBVENCIÓN	
	Euros	Pesetas
Partido Popular	934.965,40	155.565.153
Bloque Nacionalista Galego	535.959,65	89.176.182
PS de G-PSOE	584.474,64	97.248.397
Esquerda de Galicia	0,00	0
TOTAIS	2.055.399,69	341.989.732

Estas cantidades coinciden cos importes calculados polo Consello de Contas, polo que se consideran correctas.

4º) Por acordo do Conselleiro da Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, concédense as respectivas subvencións conforme ós datos reflectidos no cadro do punto precedente.

5º) Con data 10 de abril de 2002, remitiuse á Intervención Delegada da Consellería, para a súa fiscalización, un ADOK con cargo á aplicación orzamentaria 0408131B4800, por importe de 2.055.399,69 euros.

2.4. SUBVENCIÓNS PÚBLICAS PENDENTES DE PERCIBIR

Ó minorarse o límite da subvención derivado das previsións do artigo 44 da Lei 8/1985, modificado pola Lei 15/1992, sinalado anteriormente, cos anticipos ou adiantos xa percibidos por cada formación política, a contía máxima pendente de liquidar é a seguinte:

PARTIDO, FEDERACIÓN, COALICIÓN OU AGRUPACIÓN	LÍMITE MÁXIMO SUBVENCIÓN [Result. 2001]	TOTAL ANTICIPOS DE SUBVENCIÓN	SUBVENCIÓN PENDENTE RECIBIR	
	PESETAS	PESETAS	EUROS	PESETAS
Partido Popular	248.646.193	223.781.575	149.439,36	24.864.618
Bloque Nacionalista Galego	143.912.281	129.521.051	86.493,03	14.391.230
PS de G-PSOE	142.797.625	128.517.862	85.823,10	14.279.763
Esquerda de Galicia	0	4.810.687	-28.912,81	-4.810.687
TOTAIS	535.356.099	486.631.175	292.842,68	48.724.924

O importe máximo da subvención queda condicionado a que se xustifique o gasto, de conformidade co establecido no artigo 127 da LOREX, como xa foi indicado no apartado 2.2 deste informe.



Na liquidación destas contías teranse en conta, no seu caso, as modificacións derivadas das propostas incluídas no presente informe, tendentes á non adxudicación ou redución da subvención pública correspondente de acordo co establecido no artigo 47.3 da LEPG.

2.5. LÍMITE MÁXIMO DE GASTOS

O artigo 44.5 da LEPG establece que: *"ningún partido, federación, coalición ou agrupación poderá realizar gastos electorais que superen os límites establecidos no apartado 3 deste artigo"*.

De acordo con este apartado 3 van coexistir dous tipos de subvencións, unha suxeita ó límite de gastos, formada polos importes correspondentes a votos e escanos e outra subvención non suxeita a límite de gastos, pero que está limitada polo número de electores.

A coexistencia destes tipos de subvencións, obrigou ó Consello de Contas a desglosa-los gastos correspondentes ó envío a electores de sobres e papeletas, publicidade e propaganda, dos gastos ordinarios da campaña electoral, co fin de poder analizar separadamente os gastos que estaban suxeitos a límite, daqueles outros que non tiñan límite explícito.

A Orde do 28 de agosto de 2001 estableceu, no seu apartado 4, o límite máximo de gastos das eleccións do 21 de outubro de 2001 como o resultado de multiplicar 77 pesetas polo número de habitantes correspondente á poboación de dereito da circunscrición onde presente as súas candidaturas cada partido, federación, coalición ou agrupación de electores.

CIRCUNSCRICIÓN	2001		1997	
	POBOACIÓN DE DEREITO	LÍMITE DE GASTO 77 Ptas / habitante	POBOACIÓN DE DEREITO	LÍMITE DE GASTO 69 Ptas / habitante
A Coruña	1.108.419	85.348.263	1.136.283	78.403.527
Lugo	365.619	28.152.663	386.405	26.661.945
Ourense	345.241	26.583.557	364.521	25.151.949
Pontevedra	912.621	70.271.817	937.811	64.708.959
TOTAIS	2.731.900	210.356.300	2.825.020	194.926.380

O límite de gastos nas eleccións de 2001 aumentou respecto ó de 1997 en 15.429.920 pesetas, porque aínda que a poboación de dereito se reduciu en 93.120 persoas aumentou a valoración das pesetas por habitante (77 ptas. fronte a 69 ptas.).

A este límite de gastos de 2001 habería que sumarlle a subvención por electores que non está suxeita a límite de gastos, co que resultaría un volume máximo de gastos para cada partido, coalición ou agrupación de electores en 2001 de 277.115.720 pesetas, de acordo co seguinte detalle.

CONCEPTO	IMPORTE (Pesetas)
Límite de gastos 2001	210.356.300
Subvención Electores (Tope máximo)	66.759.420
TOTAL	277.115.720

Outros límites sobre os que se verificou o seu cumprimento foron:

O límite regulado polo artigo 55.3 da LOREX, segundo o cal o gasto das candidaturas en determinados conceptos de publicidade exterior non pode exceder do 25% do límite máximo de gastos, ascendendo a 52.589.075 pesetas, (25% x 210.356.300 pesetas).

O límite establecido por este artigo 55.3 da LOREX é aplicable ás eleccións ó Parlamento de Galicia en virtude do disposto na disposición adicional primeira, apartado 3 da LOREX e no artigo 25.4 da LEPG.

Outro límite a ter en conta é o establecido polo artigo 58 da LOREX, relativo ós gastos de publicidade en prensa periódica e emisoras de radio privadas, nos que as formacións políticas non poden supera-lo 20% do límite máximo de gastos, ascendendo a 42.071.260 pesetas, (20% x 210.356.300 pesetas).

2.6. ACTUACIÓNS DAS XUNTAS ELECTORAIS

O artigo 132.1 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, despois da modificación do 30 de marzo de 1994, prevé que desde a data de convocatoria ata o centésimo día posterior á celebración das eleccións, as Xuntas Electorais velarán polo cumprimento das normas establecidas en dita Lei sobre gastos e subvencións electorais, engadindo o apartado 5º que *"así mesmo as Xuntas Electorais informarán ó Tribunal de Contas dos resultados da súa actividade fiscalizadora"*.

A Xunta Electoral de Galicia comunicou a este Consello de Contas o nome dos Administradores Xerais dos partidos políticos, as contas correntes abertas nas Entidades Financeiras, os préstamos e créditos solicitados e a súa afectación á subvención.

O 5 de abril de 2002 o Consello de Contas solicitou por escrito á Xunta Electoral de Galicia, a información detallada da súa actividade fiscalizadora ó que se refire o artigo 132.5 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral.

O 16 de abril seguinte foi recibido dito informe de fiscalización dos ingresos e gastos electorais realizados polas forzas políticas concorrentes ás eleccións ó Parlamento de Galicia celebradas o día 21 de outubro de 2001. Este documento xúntase como anexo ó presente informe.



2.7. RESUME DE CONCLUSIÓNS

Formúlanse de xeito diferenciado para cada partido político as conclusións que se consideran procedentes, poñéndose especial énfase na rendición de contas da contabilidade detallada e documentada nos prazos previstos, a información que as entidades financeiras deben remitir ó Consello de Contas sobre as concesións de créditos ás formacións políticas, a información da facturación realizada por provedores e acredores superiores ó millón de pesetas, así como as propostas de adxudicación, redución ou non adxudicación das subvencións que constan neste informe.

2.8. DECLARACIÓN DE GASTOS REGULARES XUSTIFICADOS

Finalmente emítese unha declaración que tendo en conta os gastos xustificadas pon de manifesto a cifra máxima que pode acadar a subvención pública unha vez descontados os adiantos percibidos e, polo tanto os importes líquidos pendentes de percibir por cada un dos partidos políticos que obtiveron representación parlamentaria nas eleccións de 21 de outubro de 2001.

Así mesmo establécese o importe que a Administración Autonómica deberá esixir a unha formación política en concepto de reintegro de subvencións polo adianto satisfeito dado que non obtivo representación parlamentaria en ditas eleccións.

3. REGULARIDADE DAS CONTABILIDADES ELECTORAIS

O artigo 121.2 da LOREX, conforme a redacción dada pola Lei Orgánica 8/1991, de 13 de marzo, establece que a contabilidade axustarase en todo caso ós principios xerais contidos no vixente Plano Xeral de Contabilidade.

De seguido, poranse de manifesto para cada formación política ás que se estende o alcance desta fiscalización, o resultado das verificacións realizadas no transcurso da revisión así como a opinión de auditoría sobre a representatividade das respectivas contas electorais.



3.1. PARTIDO POPULAR

3.1.1. Información económico-financeira e contable posta a disposición do equipo de fiscalización

Co número 88 de rexistro de entrada neste Consello, de data 23-1-2002, recibíuse, dentro do prazo legal previsto no artigo 46.1 da LEPG, a documentación contable electoral correspondente ás eleccións autonómicas de 2001.

Os estados contables rendidos están formados por:

- Contas de financiamento e gastos electorais.
- Balance de sumas e saldos.
- Libro Diario de movementos.
- Libro Maior.
- Conta de resultados.
- Cadro de orixes e aplicacións.
- Xustificantes.
- Relación de provedores.

Non se presentou a Memoria.

Tódolos datos contables presentáronse exclusivamente en pesetas.

A documentación remitiuse acompañada por un escrito do Administrador xeral relacionando a documentación presentada, quen, así mesmo, dilixencia o libro maior e o libro diario para facer constar o número de páxinas de cada un deles, e que recollen tódalas operacións de financiamento e gastos electorais.

Na fiscalización realizada sobre a totalidade de documentos e estados rendidos observáronse as seguintes particularidades:

3.1.2. Recursos financeiros

Os recursos financeiros declarados na contabilidade rendida polo PP para a súa campaña electoral ascenden a 480.948.447 pesetas.

Estes recursos pódense agrupar, segundo a súa procedencia, nos seguintes conceptos:

CONCEPTO	IMPORTE (pesetas)
Financiamento público	276.009.784
Débedas con entidades de crédito	184.938.703
Contribucións do partido	20.000.000
TOTAL	480.948.487

Non houbo contribucións de persoas físicas.

Verificouse a procedencia dos fondos aportados polo partido de acordo co disposto no artigo 126.3 da LOREX.

A formación política recoñeceu en contas a estimación da subvención a cobrar da Xunta de Galicia segundo os resultados alcanzados, aplicando o principio de devengo recollido no artigo 121.2 da LOREX.

Este recoñecemento fíxose mediante un cargo nunha conta do subgrupo 44 – Debedores varios, e un abono na conta 740 – Subvencións oficiais á explotación. O importe total do asiento foi de 207.793.363 pesetas.

Esta estimación supera o importe máximo de subvención que resta por cobrar (ver apartado 2.4) na cantidade de 27.363.592 pesetas, xa que o pendente de cobro despois de percibi-lo primeiro anticipo ascende a 180.429.771 pesetas.

Constátase un erro na apreciación do cálculo da subvención por parte do PP, ó considerar que o financiamento público vai cubri-la totalidade dos gastos incorridos na campaña electoral.

Polo tanto os resultados correspondentes á contabilidade electoral rendida por dita formación política están sobrevalorados nun importe de 27.363.592 pesetas, procedendo axustala segundo o detalle seguinte:

	<u>Importe en pesetas</u>
Cargo: 129-Perdas e ganancias	27.363.592 D
Aboamento: 44 – Debedores varios	27.363.592 H



Así mesmo, o financiamento público recolle o anticipo do 30% das cantidades concedidas en concepto de subvención electoral nas últimas eleccións celebradas ó Parlamento de Galicia en 1997, tal como dispoñen o artigo 45 da LEPG e o 127 da LOREX. O importe contabilizado por este concepto ascende a 68.216.421 pesetas, cantidade que coincide coa transferida pola Xunta de Galicia.

O día 14-9-2001, o PP subscribiu unha póliza de contrato de conta de crédito cunha entidade bancaria, cun límite de crédito de 185.000.000 pesetas. A data do seu vencemento é o 19 de setembro de 2002. En garantía do pago aféctanse a totalidade das subvencións e anticipos que poida recibirlo PP polos resultados das eleccións ó Parlamento de Galicia.

3.1.3. Gastos electorais

3.1.3.1. Gastos por operacións ordinarias

A separación dos gastos que corresponden a operacións ordinarias de campaña e dos que corresponden ó envío persoal e directo ós electores de sobres, papeletas e propaganda e publicidade electorais, faise, tal como se deduce da documentación remitida polo PP, rexistrando os gastos ordinarios nas contas do subgrupo 62-Servicios exteriores, empregando subcontas da conta 627-Publicidade, propaganda e relacións públicas, para contabilizar gastos ordinarios, gastos por envíos electorais, gastos de publicidade exterior e gastos en prensa e radio.

Os gastos por operacións ordinarias declarados polo PP ascenderon a 209.250.364 pesetas, agrupándose, en base á conta de resultados, nos seguintes conceptos:

CONCEPTO	IMPORTE (pesetas)
Gastos de informes e estudos	19.355.296
Arrendamentos	904.982
Transportes	13.445.815
Servicios bancarios e similares	774.823
Publicidade exterior	50.437.710
Publicidade en prensa e radio	40.600.000
Exceso gasto envíos electorais	7.217.503
Outros gastos en publicidade	18.304.498
Subministracións	726.425
Outros servicios	52.661.278
Xuros de débedas a c/p	4.822.034
TOTAL	209.250.364

Revisouse o 100% da documentación acreditativa dos rexistros contables.

Respecto a estes gastos ordinarios de campaña, este Consello de Contas realiza as seguintes consideracións:

Inclúense nos gastos ordinarios a cantidade de 7.217.503 pesetas, correspondente ó importe dos gastos por envíos electorais que non resulta cuberto pola subvención a percibir.

Os gastos liquidados pola operación de crédito foron incluídos na súa totalidade na contabilidade do PP, e comprenden os gastos de formalización por importe de 771.250 pesetas, e a liquidación de xuros por 1.967.453 pesetas, así como a provisión de xuros á que se refire o artigo 130.g) da LOREX, por importe de 2.854.581 pesetas.

Contabilizan por separado os gastos de formalización de débedas e os gastos por xuros, respectivamente nas contas 626.- Servicios bancarios e similares e 663.- Xuros de débedas a corto prazo. Para rexistra-los xuros devengados e non vencidos empregan a conta 410503.- Provisión xuros póliza, que presenta un saldo acreedor de 2.854.581 pesetas. Debeuse empregar a conta 526.- Xuros a corto prazo de débedas con entidades de crédito, que recolle no seu haber os xuros devengados, incluídos os non vencidos.

Estímase correcto o cálculo dos xuros previstos.

De todo o exposto derivase que o importe dos gastos electorais ordinarios xustificadas elévase a 209.250.364 pesetas.

3.1.3.2. Gastos por envíos electorais

Os gastos electorais ocasionados polo envío directo e persoal ós electores de propaganda electoral, que se tratan de forma diferenciada no artigo 44.2 da LEPG, ascenderon, segundo a contabilidade do PP, a 73.976.923 pesetas, cantidade que supera a contía máxima da subvención establecida para este concepto en 7.217.503 pesetas, polo que, tal como se sinalou no anterior apartado, se engadiron ós gastos ordinarios de campaña.

Estes gastos rexistráronse pola formación política nos seguintes conceptos:

CONCEPTO	IMPORTE (pesetas)
Envíos electorais papeletas	10.532.800
Envíos electorais franqueo	8.957.068
Envíos electorais folletos	3.551.569
Envíos electorais cartas	8.120.000
Envíos electorais buzoneo	18.336.006
Envíos electorais dípticos e trípticos	24.479.480
TOTAL	73.976.923

Examinouse a totalidade da documentación acreditativa das anotacións contables sen que se atopasen incidencias destacables. Polo tanto os gastos regulares xustificadas ascenden á cantidade de 73.976.923



pesetas, das que, como xa se dixo, 7.217.503 pesetas impútanse a gastos ordinarios, resultando a cantidade de 66.759.420 pesetas, (máximo subvencionable por este concepto).

3.1.4. Cálculo do límite de gastos electorais

O límite máximo de gastos analizouse no apartado 2.5 deste informe, ascendendo a 210.356.300 pesetas, xa que esta formación concorreu ás eleccións nas catro circunscricións.

Ademais, hai que ter en conta que a subvención por envíos electorais (para envío de sobres, papeletas, publicidade e propaganda) ten un tope máximo de subvención de 66.759.420 pesetas, (2.567.670 electores por 26 pesetas por elector).

A comparación entre os gastos contabilizados e o límite máximo de gastos é a seguinte:

CONCEPTO	Importe en pesetas.	
	GASTOS CONTABILIZADOS	LÍMITE DE GASTOS
Gastos ordinarios	209.250.364	210.356.300
Gastos envíos electorais	(1) 66.759.420	(2) 66.759.420
TOTAL	276.009.784	277.115.720

(1) Descontadas 7.217.503 pesetas non subvencionables como gastos por envíos electorais que se imputan a gastos ordinarios.

(2) Non suxeita a límite de gastos.

Como se observa, os gastos contabilizados non superan ó límite legalmente previsto.

De acordo co disposto no artigo 55.3 da LOREX o gasto en publicidade exterior non pode exceder do 25% do límite de gastos arriba expresado, ascendendo á cantidade de 52.589.075 pesetas, véxase o apartado 2.5 deste informe.

Acreditáronse gastos de publicidade exterior por un importe de 50.437.710 pesetas, polo que non se superou o límite correspondente a este concepto.

O límite de gastos de publicidade en prensa periódica e emisoras de radio privadas, establecido polo artigo 58 da LOREX, ascende a 42.071.260 pesetas. Véxase o apartado 2.5 deste informe.

O importe dos gastos electorais declarados por este concepto foi de 40.600.000 pesetas, que non supera o límite legal antes aludido.

3.1.5. Verificación do cumprimento do artigo 133.4

Conforme ó establecido no artigo 133.4 da LOREX, a entidade financeira outorgante do crédito remitiu ó Consello de Contas a información relativa á operación descrita no apartado relativo ós recursos financeiros.

3.1.6. Verificación do cumprimento do artigo 133.5

Tódalas empresas suxeitas á obriga de comunicar datos da súa facturación debido a que se tivese superado o millón de pesetas cumpriron coa dita obriga de xeito oportuno. Neste caso atópanse 27 empresas que facturaron servicios prestados por un importe de 260 millóns de pesetas.

Tal como se expón no apartado 1.7 deste informe circularizouse a tódalas empresas que facturaron por importe superior a cen mil pesetas, verificándose que existe coincidencia entre os importes facturados que figuran rexistrados na contabilidade do partido político e os importes resultantes da información derivada desa circularización. Neste caso atópanse 52 empresas: o importe total da facturación ascende á cantidade de 271 millóns de pesetas.

A circularización realizada representa o 98% do total de gastos xustificadas.

Non se atoparon outras incidencias dignas de mención.

3.1.7. Tesourería da campaña

Tódolos ingresos e pagos contabilizados fixéronse por medio das contas correntes abertas para a campaña electoral, tal como establece o artigo 125.1 da LOREX.

Na data de peche da contabilidade electoral, rendida ó Consello de Contas, só figuran como obrigas pendentes de pago os xuros devengados e non vencidos do préstamo concertado pola formación política, así como o reintegro do saldo disposto no mencionado crédito. Como xa se dixo no apartado 3.1.3.1 sería mellor utiliza-la conta 526 en lugar da conta 410 para a contabilización dos xuros.

A conta 572100, corresponde á conta da campaña electoral, e presenta un saldo na data de peche da contabilidade de 0 pesetas.

Tódolos pagos se realizaron dentro do prazo establecido no artigo 125.3 da LOREX.



3.1.8. Cálculo do límite máximo da subvención

De acordo co exposto no apartado 2.1 deste informe relativo ós importes das subvencións electorais e coas Resolucións da Xunta Electoral de Galicia de datas 8 de novembro, pola que se fan públicos os resultados xerais e por circunscricións e a relación de deputados proclamados electos nas eleccións ó Parlamento de Galicia celebradas o 21 de outubro de 2001, e 30 de novembro de 2001, sobre correccións de cifras nas circunscricións electorais de Ourense e Lugo e, en consecuencia, dos resultados xerais das eleccións, o importe das subvencións a que tería dereito o PP serían, na opinión do Consello de Contas, as seguintes:

PARTIDO, FEDERACIÓN, COALICIÓN OU AGRUP.	ESCANOS		VOTOS (PTAS/VOTO - 96)		SUBVENCIÓN SUJEITA Ó LÍMITE	Importe en pesetas.		
	Nº ESCANOS	PTAS. POR ESCANO	IMPORTE POR ESCANOS	Nº DE VOTOS		IMPORTE POR VOTOS	SUBV. POR ELECTORES (SOBRES E PAPELETAS)	LÍMITE MÁXIMO SUBVENCIÓN
			[1]			[2]	CENSO - 2.567.670 PTS/ELECTOR-26 [4]	[5]=[3]+[4]
Partido Popular	41	2.582.093	105.865.813	791.885	76.020.960	181.886.773	66.759.420	248.646.193

Así mesmo, para calcula-la subvención líquida a percibir por cada partido, descontaranse os anticipos recibidos a conta.

A proposta do Consello de Contas de subvención para o Partido Popular-PP é de 248.646.193 pesetas.

A esta cantidade hai que descontarlle a cantidade de 223.781.574 pesetas, en concepto de anticipos recibidos a conta, resultando un líquido a percibir de 24.864.619 pesetas, tal como se resume no cadro que se expón a continuación, que, á súa vez, está relacionado co cadro anterior.

PARTIDO, FEDERACIÓN, COALICIÓN OU AGRUPACIÓN	Importe en pesetas.						
	LÍMITE MÁXIMO SUBVENCIÓN	REDUCCIÓN	SUBVENCIÓN TOTAL PROPOSTA	ANTICIPOS DA SUBVENCIÓN		TOTAL SUBVENCIÓN ANTICIPADA	SUBVENCIÓN PENDENTE RECIBIR
	[5]=[3]+[4]	[6]	[7]=[5]-[6]	1º ANTICIPO [8]	2º ANTICIPO [9]	[10]=[8]+[9]	[11]=[7]-[10]
Partido Popular	248.646.193	0	248.646.193	68.216.422	155.565.153	223.781.575	24.864.618

En consecuencia, a subvención pendente de outorgar non poderá ser superior, en ningún caso, a 24.864.618 pesetas, é dicir 149.439,36 euros.

3.1.9. Proposta de non adxudicación ou de redución da subvención electoral

Vistos os resultados da fiscalización da contabilidade electoral do Partido Popular para as eleccións ó Parlamento de Galicia celebradas o día 21 de outubro de 2001, o Consello de Contas, resolve non formular ningunha das propostas de non adxudicación ou de redución da subvención electoral previstas no artigo 47.3 da LEPG.

3.1.10. Conclusións

En base ás actuacións realizadas emítense as seguintes conclusións:

1. A documentación requirida foi remitida dentro dos prazos legalmente establecidos.
2. Verificouse o cumprimento dos requisitos relativos á documentación esixida e á levanza dos rexistros contables elaborados con base na mesma.
3. Os gastos realizados quedaron acreditados mediante a documentación remitida e examinada, atopándose comprendidos dentro dos límites legais.
4. Verificouse o cumprimento da legalidade, tanto da estrictamente electoral como a de xeral aplicación.
5. A contabilidade electoral rendida polo Partido Popular é representativa.

Non obstante, considérase procedente formula-las seguintes observacións:

- Os xuros devengados e non vencidos deben contabilizarse con abono á conta 526.- Xuros a corto prazo de débedas con entidades de crédito, en vez da conta 410 acredores por prestación de servizos. A conta 526 recolle precisamente no Haber o importe dos xuros devengados durante o exercicio, incluídos os non vencidos, con cargo ás contas 662 e 663.
- A formación política recoñeceu en contas a estimación da subvención a cobrar incorrendo nun erro por exceso de 27.363.592.- pesetas.

Polo tanto os resultados correspondentes á contabilidade electoral rendida por dita formación política están sobrevalorados nun importe de 27.363.592 pesetas, procedendo axustala segundo o detalle seguinte:

	Importe en pesetas
Cargo: 129-Perdas e ganancias	27.363.592 D
Aboamento: 44 – Debedores varios	27.363.592 H

- A presentación das contas electorais adoece da falta da Memoria, que completa, amplía e comenta a información contida no balance e na conta de perdas e ganancias. Trátase dunha información adicional ó contido das contas, coas que forma unha unidade, polo que é recomendable que se xunte á restante documentación remitida.



3.1.11. Opinión

1º) Auditamo-las contas electorais do Partido Popular, correspondentes ás eleccións ó Parlamento de Galicia celebradas o 21-10-2001, que comprenden o Balance de situación ó 31-12-2001, e a conta de Perdas e Ganancias (conta de resultados), correspondentes ós gastos e ingresos electorais, sendo a súa formulación responsabilidade do Administrador Xeral do partido.

2º) A nosa responsabilidade non é expresar unha opinión sobre as contas anuais no seu conxunto, senón fiscaliza-los ingresos e gastos electorais e realizar unha proposta de subvención, tendo en conta os gastos electorais regulares xustificadas ó Consello de Contas, o límite máximo de gastos e o límite máximo de subvención que corresponde ó Partido Popular de acordo cos seus resultados electorais.

3º) O traballo foi realizado de acordo coas normas de auditoría xeralmente aceptadas, que inclúen o exame, mediante a realización de probas de verificación do total de xustificantes (100%), da evidencia xustificativa das contas electorais e a avaliación da súa presentación e dos principios contables aplicados e das estimacións realizadas.

4º) Na nosa opinión as contas electorais presentadas pola formación política expresan, nas áreas de gastos e ingresos, tódolos aspectos significativos contendo a información suficiente para a súa interpretación e comprensión.

5º) A proposta de subvención que formula o Consello de Contas para o Partido Popular-PP é de 248.646.193 pesetas. A esta cantidade hai que descontarlle 223.781.575 pesetas, en concepto de anticipos recibidos a conta, resultando un líquido a percibir de 24.864.618 pesetas, é dicir 149.439,36 euros.

3.1.12. Alegacións

Ó abeiro do disposto no artigo 58.a) do Regulamento de Réxime Interior do Consello de Contas de Galicia, aprobado por Resolución do 25 de xuño de 1992 do Parlamento de Galicia (DOG nº 138, venres, 17 de xuño de 1992), o día 23 de abril de 2002, púxose en coñecemento do Partido Popular o resultado das actuacións deste Consello de Contas, dandolle un prazo de 10 días para a formulación das alegacións que, de se-lo caso, considerasen oportunas.

A) Alegacións formuladas polo Partido Popular

O Partido Popular non presentou alegacións ó informe de fiscalización ó remate do prazo establecido para tales efectos.



3.2. BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)

3.2.1. Información económico-financeira e contable posta a disposición do equipo de fiscalización

Con número 200 de rexistro de entrada neste Consello, de data 15-2-02, recibíuse, dentro do prazo legal previsto no artigo 46.1 da LEPG, a documentación contable electoral correspondente ás eleccións autonómicas de 2001.

Os estados contables, que se renderon en pesetas e en euros, están formados por:

- Memoria.
- Balance de situación.
- Conta de resultados.
- Balance de sumas e saldos.
- Libro Diario de operacións.
- Libro Maior.
- Xustificantes.

A memoria presentada non inclúe o cadro de financiamento, que describe os recursos financeiros obtidos no exercicio e a súa aplicación.

A documentación remitiuse acompañada por un escrito do Administrador xeral relacionando a documentación presentada, aportando orixinais e fotocopia de toda a documentación. Acompañan, así mesmo, comunicación á Xunta electoral de Galicia da designación do administrador xeral no proceso electoral, da aceptación do nomeamento por parte de este e da apertura da conta bancaria para as eleccións.

Na fiscalización realizada sobre a totalidade de documentos e estados rendidos, obsérvanse as seguintes particularidades:

3.2.2. Recursos financeiros declarados afectos á campaña electoral

Os recursos financeiros declarados na contabilidade rendida polo BNG para a súa campaña electoral ascenden a 196.483.337 pesetas.

Estes recursos pódense agrupar, segundo a súa procedencia, nos seguintes conceptos:

CONCEPTO	IMPORTE (pesetas)
Débedas con entidades de crédito	114.394.985
Contribucións de persoas físicas	1.785.000
Contribucións do partido	39.937.399
Financiamento público	40.344.869
Outros ingresos financeiros	21.083
TOTAL	196.483.336

En tódalas contribucións de persoas físicas figura o nome e o DNI do aportante, así como o enderezo, (requisito previsto no artigo 126 da LOREX). Comprobouse o cumprimento do requisito esixido polo artigo 129 da LOREX, que establece unha cantidade máxima por contribución de un millón de pesetas.

O Consello de Contas comprobou a procedencia dos fondos das contribucións realizadas pola formación política á campaña electoral, de conformidade co establecido no artigo 126.3 da LOREX.

O financiamento público recolle o anticipo do 30% das cantidades concedidas en concepto de subvención electoral nas últimas eleccións celebradas ó Parlamento de Galicia en 1997, tal como dispoñen o artigo 45 da LEPG e o 127 da LOREX. A contía do anticipo ascende a 40.344.869 pesetas.

O BNG ten subscriba unha póliza de crédito cunha caixa de aforros, cun límite máximo de 150.000.000 pesetas, sendo a data de constitución o 13 de setembro de 2001 e data do seu vencemento o 31 de marzo de 2003. En garantía do pago do principal, xuros, comisións, gastos e costas que se deriven da póliza de crédito aféctanse a totalidade das subvencións e anticipos que poida recibilo BNG polos resultados das eleccións ó Parlamento de Galicia.

3.2.3. Gastos electorais

3.2.3.1. Gastos por operacións ordinarias

A separación entre os gastos que corresponden a operacións ordinarias de campaña e os gastos que corresponden ó envío persoal e directo ós electores de sobres, papeletas e propaganda e publicidade electorais, faise, tal como explica o BNG na súa Memoria, rexistrando os gastos ordinarios nas contas 621, 622, 624, 625, 626, 627 e 629, a estas hai que engadi-la conta 663-Xuros de débedas a corto prazo, e 669-Outros gastos financeiros, que non se mencionan na Memoria; e os gastos por envíos electorais na conta 6271.



Os gastos por operacións ordinarias ascenderon a 130.777.341 pesetas, agrupándose nos seguintes conceptos:

CONCEPTO	IMPORTE (pesetas)
Arrendamentos e cánones	1.620.735
Primas de seguros	89.460
Servicios bancarios e similares	240
Publicidade, propaganda e relacións públicas	52.164.368
Publicidade en prensa e radio	30.046.400
Exceso gasto envíos electorais	3.547.540
Publicidade exterior	40.000.000
Outros servicios	813.693
Xuros de débedas a c/p	1.779.905
Outros gastos financeiros	715.000
TOTAL	130.777.341

Revisouse o 100% da documentación acreditativa dos rexistros contables.

Respecto a estes gastos ordinarios de campaña, este Consello de Contas realiza as seguintes consideracións:

Os gastos liquidados pola operación de crédito foron incluídos na súa totalidade na contabilidade do BNG, e comprenden tanto os gastos de formalización por importe de 715.000 pesetas, contabilizados na conta 669-Outros gastos financeiros, como a liquidación de xuros ó 31-12-2001 por 700.685 pesetas, contabilizados na conta xuros de débedas a corto prazo.

Inclúese ademais a provisión de xuros á que se refire o artigo 130.g) da LOREX, por importe de 1.079.220 pesetas.

Para rexistrar estes xuros devengados e non vencidos empregan a conta 526.- Xuros a corto prazo de débedas con entidades de crédito, que recolle no seu haber os xuros devengados e non vencidos.

O cálculo dos xuros previstos estímase correcto, estando respaldado por un escrito da propia entidade financeira.

Revisada toda a documentación xustificativa dos gastos non se atoparon deficiencias de relevancia.

3.2.3.2. Gastos por envíos electorais

Os gastos electorais ocasionados polo envío directo e persoal ós electores de propaganda electoral, que se tratan de forma diferenciada no artigo 44.2 da LEPG, ascenderon, segundo a contabilidade do BNG, a 70.306.960 pesetas, cantidade que supera a contía máxima da subvención establecida para este concepto

en 3.547.540 pesetas, polo que, tal como se sinalou no anterior apartado, se engadiron ós gastos ordinarios de campaña.

Estes gastos rexistráronse integramente na conta 62710000-Gastos envíos electorais.

Examinouse a totalidade da documentación acreditativa das anotacións contables sen atopar ningunha incidencia destacable.

3.2.4. Cálculo do límite máximo de gastos electorais

O límite máximo de gastos analizouse no apartado 2.5 deste informe, ascendendo a 210.356.300 pesetas, xa que esta formación concorreu ás eleccións nas catro circunscricións.

Ademais, hai que ter en conta que a subvención por envíos electorais (para envío de sobres, papeletas, publicidade e propaganda) ten un tope máximo de subvención de 66.759.420 pesetas, (2.567.670 electores por 26 pesetas por elector).

A comparación entre os gastos contabilizados e o límite máximo de gastos é a seguinte:

Importe en pesetas.		
CONCEPTO	GASTOS CONTABILIZADOS	LÍMITE DE GASTOS
Gastos ordinarios	130.777.341	210.356.300
Gastos envíos electorais	(1) 66.759.420	(2) 66.759.420
TOTAL	197.536.761	277.115.720

(1) Descontadas 3.547.540 pesetas, non subvencionables como gastos por envíos electorais que se imputan a gastos ordinarios.

(2) Non suxeita a límite de gastos.

Como se observa, os gastos contabilizados non superan o límite legalmente previsto.

De acordo co disposto no artigo 55.3 da LOREX o gasto en publicidade exterior non pode exceder do 25% do límite de gastos arriba expresado, ascendendo á cantidade de 52.589.075 pesetas, véxase o apartado 2.5 deste informe.

Acreditáronse gastos de publicidade exterior por un importe de 40.000.000 pesetas, polo que non se superou o límite correspondente a este concepto.

O límite de gastos de publicidade en prensa periódica e emisoras de radio privadas, establecido polo artigo 58 da LOREX, ascende a 42.071.260 pesetas. Véxase o apartado 2.5 deste informe.

O importe dos gastos electorais declarados por este concepto foi de 30.046.400 pesetas, que non supera o límite legal antes aludido.



3.2.5. Verificación do cumprimento do artigo 133.4 da LOREX

Conforme ó establecido no artigo 133.3 da LOREX, a entidade financeira outórgante do crédito remitiu ó Consello de Contas a información relativa á operación descrita no apartado relativo ós recursos financeiros.

3.2.6. Verificación do cumprimento do artigo 133.5 da LOREX

Tódalas empresas suxeitas á obriga de comunicar datos da súa facturación debido a que se tivese superado o millón de pesetas cumpriron coa dita obriga de xeito oportuno. Neste caso atópase unha soa empresa que facturou servicios prestados por un importe de 188 millóns de pesetas.

Tal como se expón no apartado 1.7 deste informe circularizouse a tódalas empresas que facturaron por importe superior a cen mil pesetas, verificándose que existe coincidencia entre os importes facturados que figuran rexistrados na contabilidade do partido político e os importes resultantes da información derivada desa circularización. Neste caso atópanse 13 empresas: o importe total da facturación ascende á cantidade de 195 millóns de pesetas.

A circularización realizada representa o 99% do total de gastos xustificadas.

Non se atoparon incidencias dignas de mención.

3.2.7. Tesourería da campaña

Tódolos ingresos e pagos contabilizados fixéronse por medio das contas correntes abertas para a campaña electoral, tal como establece o artigo 125.1 da LOREX.

Na data de peche da contabilidade electoral, rendida ó Consello de Contas, só figuran como obrigas pendentes de pago os xuros devengados e non vencidos do préstamo concertado pola formación política, así como o reintegro do saldo disposto do mencionado crédito.

Polo que respecta ás contas bancarias da campaña electoral, só a conta 57210000 presenta un saldo debedor, na data de peche da contabilidade, que ascende á cantidade de 25.796 pesetas.

Tódolos pagos se realizaron dentro do prazo establecido no artigo 125.3 da LOREX.

3.2.8. Cálculo do límite máximo da subvención

De acordo co exposto no apartado 2.1 deste informe, relativo ós importes das subvencións electorais e coas Resolucións da Xunta Electoral de Galicia de datas 8 de novembro, pola que se fan públicos os resultados xerais e por circunscricións e a relación de deputados proclamados electos nas eleccións ó Parlamento de Galicia celebradas o 21 de outubro de 2001, e 30 de novembro de 2001, sobre correccións de cifras nas circunscricións electorais de Ourense e Lugo e, en consecuencia, dos resultados xerais das eleccións, o importe das subvencións a que tería dereito o BNG serían, na opinión do Consello de Contas, as seguintes:

PARTIDO, FEDERACIÓN, COALICIÓN OU AGRUP.	ESCANOS			VOTOS (PTAS/VOTO - 96)		SUBVENCIÓN SUXEITA Ó LÍMITE [3]=[1]+[2]	Importe en pesetas.	
	Nº ESCANOS	PTAS. POR ESCANO	IMPORTE POR ESCANOS	Nº DE VOTOS	IMPORTE POR VOTOS		SUBV. POR ELECTORES (SOBRES E PAPELETAS)	LÍMITE MÁXIMO SUBVENCIÓN
			[1]		[2]		CENSO - 2.567.670 PTS/ELECTOR-26 [4]	[5]=[3]+[4]
BNG	17	2.582.093	43.895.581	346.430	33.257.280	77.152.861	66.759.420	143.912.281

Así mesmo, para calcula-la subvención líquida a percibir por cada partido, descontaranse os anticipos recibidos a conta.

A proposta do Consello de Contas de subvención para o Bloque Nacionalista Galego-BNG é de 143.912.281 pesetas.

A esta cantidade hai que descontarlle a cantidade de 129.521.051 pesetas, en concepto de anticipos recibidos a conta, resultando un líquido a percibir de 14.391.230 pesetas, tal como se resume no cadro que se expón a continuación, que, á súa vez, está relacionado co cadro anterior.

PARTIDO, FEDERACIÓN, COALICIÓN OU AGRUPACIÓN	LÍMITE MÁXIMO SUBVENCIÓN	REDUCCIÓN	SUBVENCIÓN TOTAL PROPOSTA	ANTICIPOS DA SUBVENCIÓN		TOTAL SUBVENCIÓN ANTICIPADA	SUBVENCIÓN PENDENTE RECIBIR
				1º ANTICIPO	2º ANTICIPO		
				[5]=[3]+[4]	[6]		
BNG	143.912.281	0	143.912.281	40.344.869	89.176.182	129.521.051	14.391.230

En consecuencia, a subvención pendente de outorgar non poderá ser superior, en ningún caso, a 14.391.230 pesetas, (86.493,03 euros).



3.2.9. Proposta de non adxudicación ou de redución da subvención electoral

Vistos os resultados da fiscalización da contabilidade electoral do BNG para as eleccións mencionadas, este Consello de Contas resolve non formular ningunha das propostas de non adxudicación ou de redución da subvención electoral previstas no artigo 47.3 da LEPG.

3.2.10. Conclusións

En base ás actuacións realizadas emítense as seguintes conclusións:

1. A documentación requirida foi remitida dentro dos prazos legalmente establecidos.
2. Verificouse o cumprimento dos requisitos relativos á documentación esixida e á levanza dos rexistros contables elaborados con base na mesma.
3. Os gastos realizados quedaron acreditados mediante a documentación remitida e examinada, atopándose comprendidos dentro dos límites legais.
4. Verificouse o cumprimento da legalidade, tanto da estritamente electoral como a de xeral aplicación.
5. A contabilidade electoral rendida polo Bloque Nacionalista Galego é representativa.

3.2.11. Opinión

1º) Auditamo-las contas electorais do BNG, correspondentes ás eleccións ó Parlamento de Galicia celebradas o 21-10-2001, que comprenden o Balance de situación ó 13-2-2002, a conta de Perdas e Ganancias e a Memoria, correspondentes ós gastos e ingresos electorais, sendo a súa formulación responsabilidade do Administrador Xeral do partido.

2º) A nosa responsabilidade non é expresar unha opinión sobre as contas anuais no seu conxunto, senón fiscaliza-los ingresos e gastos electorais e realizar unha proposta de subvención, tendo en conta os gastos electorais regulares xustificadas ó Consello de Contas, o límite máximo de gastos e o límite máximo de subvención que corresponde ó Bloque Nacionalista Galego de acordo cos seus resultados electorais.

3º) O traballo foi realizado de acordo coas normas de auditoría xeralmente aceptadas, que inclúen o exame, mediante a realización de probas de verificación do total de xustificantes (100%), da evidencia xustificativa das contas electorais e a avaliación da súa presentación e dos principios contables aplicados e das estimacións realizadas.

4º) Na nosa opinión as contas electorais presentadas pola formación política expresan, nas áreas de gastos e ingresos, tódolos aspectos significativos contendo a información suficiente para a súa interpretación e comprensión.

5º).- A proposta de subvención que formula o Consello de Contas para o Bloque Nacionalista Galego ascende a 143.912.281 pesetas, que descontados os anticipos a conta de 129.521.051 pesetas, resulta un líquido a percibir de 14.391.230 pesetas, (86.493,03 euros).

3.2.12. Alegacións

Ó abeiro do disposto no artigo 58.a) do Regulamento de Réxime Interior do Consello de Contas de Galicia, aprobado por Resolución do 25 de xuño de 1992 do Parlamento de Galicia (DOG nº 138, venres, 17 de xuño de 1992), o día 23 de abril de 2002, púxose en coñecemento do Bloque Nacionalista Galego o resultado das actuacións deste Consello de Contas, dandolle un prazo de 10 días para a formulación das alegacións que, de se-lo caso, considerasen oportunas.

A) Alegacións formuladas polo Bloque Nacionalista Galego

O día 7 de maio de 2002, con rexistro de entrada nº 664, recibíuse escrito asinado polo administrador xeral do Bloque Nacionalista Galego, polo que acusa recibo do anteproxecto de informe de fiscalización manifestando que non vai efectuar alegacións ó mesmo.



3.3. PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA - PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL

3.3.1. Información económico-financeira e contable posta a disposición do equipo de fiscalización

Co número 217 de rexistro de entrada neste Consello, de data 21-2-02, recibíuse, dentro do prazo legal previsto no artigo 46.1 da LEPG, a documentación contable electoral correspondente ás eleccións autonómicas de 1997.

Os estados contables rendidos están formados por:

- Documentación relativa ó nomeamento do administrador xeral para o proceso electoral e aceptación, por parte do nomeado, da súa designación, acreditación do administrador xeral ante a Xunta electoral de Galicia e designación dos representantes nas catro circunscricións electorais.
- Pólizas de contrato de contas de crédito e contratos de contas correntes, así como a súa comunicación ás xuntas electorais de Galicia e provinciais.
- Balance de situación das operacións ordinarias de campaña e dos envíos electorais.
- Conta de resultados das operacións ordinarias de campaña e dos envíos electorais.
- Libro Diario de operacións ordinarias de campaña e dos envíos electorais.
- Maior das contas das operacións ordinarias de campaña e dos envíos electorais.
- Xustificantes.
- Extractos das c/c bancarias.
- Relación de provedores.

Non se presentou a Memoria.

O PsdeG-PSOE presentou os estados contables separando as operacións ordinarias das que corresponden ó envío persoal e directo ós electores de sobres, papeletas e propaganda e publicidade electorais. Tódolos datos contables presentáronse exclusivamente en pesetas.

Na fiscalización realizada sobre a totalidade de documentos e estados rendidos observáronse as seguintes particularidades:

3.3.2. Recursos financeiros declarados afectos á campaña electoral

Os recursos financeiros declarados na contabilidade rendida polo PSdeG-PSOE para a súa campaña electoral ascenden a 364.014.522 pesetas.

Estes recursos pódense agrupar, segundo a súa procedencia, nos seguintes conceptos:

CONCEPTO	IMPORTE (pesetas)
Contribucións do partido	109.867.170
Financiamento público gastos ordinarios	76.038.205
Financiamento público gastos envíos electorais	66.707.497
Débedas con entidades de crédito (gastos ordinarios)	59.058.998
Débedas con entidades de crédito (gastos envíos electorais)	50.762.424
Outros ingresos	1.698
TOTAL	362.435.992

Non houbo contribucións de persoas físicas.

A formación política recoñeceu en contas a estimación da subvención a cobrar da Xunta de Galicia segundo os resultados alcanzados, aplicando o principio de devengo recollido no artigo 121.2 da LOREX.

Este recoñecemento fíxose mediante un cargo nunha conta do subgrupo 47 – Administracións públicas, e un abono na conta 740 – Subvencións oficiais á explotación. O importe total do asento foi de 76.038.205 pesetas en concepto de previsión de ingresos por resultados electorais e de 66.707.497 pesetas en concepto de previsión de ingresos por subvención correspondente ós envíos electorais.

Polo demais, o financiamento público recolle o anticipo do 30% das cantidades concedidas en concepto de subvención electoral nas últimas eleccións celebradas ó Parlamento de Galicia en 1997, tal como dispoñen o artigo 45 da LEPG e o 127 da LOREX. A contía total do anticipo ascende a 31.269.465 pesetas. Dado que este importe se calcula en función dos resultados obtidos nas anteriores eleccións, e que nestas o PSdeG-PSOE participou en coalición con Esquerda de Galicia partido que obtivo en 1997 dous deputados, a cantidade do primeiro anticipo repartiuse proporcionalmente entre os dous partidos en función dos resultados obtidos naquelas eleccións, a pesar de que Esquerda de Galicia no obtivo ningún deputado no proceso electoral do ano 2001.

O PSdeG-PSOE ten subscritas dúas pólizas de contrato de conta de crédito cunha entidade bancaria e outras dúas cunha caixa de aforros, cun límite máximo de 55.000.000 pesetas e de 5.000.000 pesetas no caso das pólizas da entidade bancaria, e de 49.000.000 pesetas e de 2.399.252 pesetas no caso da caixa de aforros. sendo a súa data de concesión o 19-9-01, o 23-11-01, o 24-9-01 e o 19-12-01, respectivamente. As dúas pólizas da entidade bancaria estipulan un vencemento a corto prazo o 19-9-02 e o 23-9-02, mentres que as outras dúas pólizas teñen un vencemento a longo prazo en data 31-3-03 e 30-4-03.



En garantía do pago das dúas primeiras pólizas de crédito aféctanse as subvencións por escano e por voto que poida recibir a formación política polos resultados das eleccións ó Parlamento de Galicia, e, da mesma forma, no caso das outras dúas pólizas de crédito, aféctase a subvención por envíos electorais.

Estas pólizas rexistráronse, na contabilidade dos gastos ordinarios de campaña e na contabilidade dos envíos electorais. No caso das pólizas con vencemento a curto prazo a contabilización fíxose con abono á conta 520- Débedas a curto prazo con entidades de crédito, e no caso das pólizas con vencemento a longo prazo o asento foi con abono na conta 170-Débedas a longo prazo con entidades de crédito.

3.3.3. Gastos electorais

3.3.3.1. Gastos por operacións ordinarias

Como xa se sinalou no apartado 3.3.1, o PSdeG-PSOE presentou os seus estados contables separando as operacións ordinarias das que corresponden ós envíos electorais.

Os gastos por operacións ordinarias declarados polo PSdeG-PSOE ascenderon a 181.850.616 pesetas, agrupándose nos seguintes conceptos:

CONCEPTO	IMPORTE (pesetas)
Arrendamento de locais	2.005.685
Equipos de oficina	429.877
Equipos de informática	818.539
Elementos de transporte	6.270.407
Outros arrendamentos	1.328.846
Limpeza edificios	233.740
Outras reparacións e conservacións	19.590
Pago a profesionais	628.282
Seguros xerais	479.250
Vallas,bandeiras,marquesiñas	45.460.500
Prensa, radio, televisión	36.172.139
Gagets	3.021.800
Producir.publici.e propaganda	38.023.157
Actos públicos	19.512.736
Relacións publicas	1.464.770
Rodas de prensa	20.880
Gasolina	1.378.568
Teléfonos	1.390.335
Gastos de viaxes	14.921.546
Reunións	2.402.738
Material de oficina	868.350
Documentación técnica	227.719
Seguridade	16.240
Correos e envíos	1.238.504
Estacionamentos vehículos	10.400
Gastos varios	713.588

(Segue)

(Continuación)

CONCEPTO	IMPORTE (pesetas)
Remuneracións fixas	327.512
Seguridade Social a cargo da empresa	105.751
Xuros devengados	1.954.948
Xuros form.modifi.e cancel.prestamos	403.550
Diferencia negativa por cambio	49
Comisións bancarias, servicios, xuros, etc	620
TOTAL	181.850.616

Revisouse o 100% da documentación acreditativa dos rexistros contables.

Respecto a estes gastos ordinarios de campaña, este Consello de Contas realiza as seguintes consideracións:

Os gastos liquidados polas operacións de crédito foron incluídos na súa totalidade na contabilidade do PSdeG-PSOE, e comprenden os gastos de formalización por importe de 403.550 pesetas, así como a liquidación de xuros ó 31-12-2001 pola cantidade de 895.448 pesetas, e a provisión de xuros á que se refire o artigo 130.g) da LOREX, por importe de 1.059.500 pesetas.

Contabilizan todos estes importes na conta 662- xuros de débedas a longo prazo, o que este Consello de Contas considera que non é correcto, xa que se debería contabilizar por separado os gastos de formalización de débedas e os gastos por xuros, respectivamente nas contas 626-Servicios bancarios e similares e 663-Xuros de débedas a corto prazo.

Para rexistra-los xuros devengados e non vencidos empregan a conta 581.- Xuros a pagar non vencidos, que presenta un saldo acreedor de 1.059.500 pesetas. Debeuse empregar-la conta 526.- Xuros a corto prazo de débedas con entidades de crédito, que recolle no seu haber os xuros devengados e non vencidos.

O cálculo dos xuros previstos estímase correcto.

De todo o exposto dedúcese que o importe dos gastos electorais ordinarios xustificadas, polo PSdeG-PSOE, elévase a 181.850.616 pesetas.

3.3.3.2. Gastos por envíos electorais

Os gastos electorais ocasionados polo envío directo e persoal ós electores de propaganda electoral, que se tratan de forma diferenciada no artigo 44.2 da LEPG, ascenderon, segundo a contabilidade do PSdeG-PSOE, a 66.707.499 pesetas.



Estes gastos rexistráronse pola formación política nos seguintes conceptos:

CONCEPTO	IMPORTE (pesetas)
Envíos electorais	65.271.580
Xuros préstamo envíos electorais	1.126.095
Gastos de formalización de débedas	301.800
Diferencia negativa de cambio	1
Outros gastos financeiros	8.023
TOTAL	66.707.499

Examinouse a totalidade da documentación acreditativa das anotacións contables sen atopar ningunha incidencia destacable, realizando este Consello de Contas as seguintes consideracións:

Os gastos liquidados pola operación de crédito foron incluídos na súa totalidade na contabilidade do PSdeG-PSOE, e comprenden os gastos de formalización por importe de 301.800 pesetas, así como a liquidación de xuros ó 31-12-2001 pola cantidade de 502.940 pesetas e a provisión de xuros á que se refire o artigo 130.g) da LOREX, por importe de 623.155 pesetas.

Contabilizan todos estes importes na conta 662 xuros de débedas a longo prazo, o que este Consello de Contas considera que non é correcto, xa que se debería contabilizar por separado os gastos de formalización de débedas e os gastos por xuros, respectivamente nas contas 626.- Servicios bancarios e similares e 663.- Xuros de débedas a corto prazo.

Para rexistra-los xuros devengados e non vencidos empregan a conta 581.- Xuros a pagar non vencidos, que presenta un saldo acredor de 623.155 pesetas. Debeuse empregar-la conta 526.- Xuros a corto prazo de débedas con entidades de crédito, que recolle no seu haber os xuros devengados e non vencidos.

O total dos gastos regulares xustificadas ascende á cantidade de 66.707.499 pesetas.

3.3.4. Cálculo do límite máximo de gastos

O límite máximo de gastos analizouse no apartado 2.5 deste informe, ascendendo a 210.356.300 pesetas, xa que esta formación concorreu ás eleccións nas catro circunscricións.

Ademais, hai que ter en conta que a subvención por envíos electorais (para envío de sobres, papeletas, publicidade e propaganda) ten un tope máximo de subvención de 66.759.420 pesetas, (2.567.670 electores por 26 pesetas por elector).

A comparación entre os gastos contabilizados e o límite máximo de gastos é a seguinte:

CONCEPTO	Importe en pesetas.	
	GASTOS CONTABILIZADOS	LÍMITE DE GASTOS
Gastos ordinarios	181.850.616	210.356.300
Gastos envíos electorais	66.707.499	66.759.420
TOTAL	248.558.115	277.115.720

Como se observa, os gastos contabilizados non superan ó límite legalmente previsto.

De acordo co disposto no artigo 55.3 da LOREX o gasto en publicidade exterior non pode exceder do 25% do límite de gastos arriba expresado, ascendendo á cantidade de 52.589.075 pesetas, véxase o apartado 2.5 deste informe.

Acreditáronse gastos de publicidade exterior por un importe de 45.460.500 pesetas, polo que non se superou o límite correspondente a este concepto.

O límite de gastos de publicidade en prensa periódica e emisoras de radio privadas, establecido polo artigo 58 da LOREX, ascende a 42.071.260 pesetas. Véxase o apartado 2.5 deste informe.

O importe dos gastos electorais declarados por este concepto foi de 36.172.139 pesetas, que non supera o límite legal antes aludido.

3.3.5. Verificación do cumprimento do artigo 133.4 da LOREX

Conforme ó establecido no artigo 133.3 da LOREX, a entidade financeira outórgante do crédito remitiu ó Consello de Contas a información relativa á operación descrita no apartado relativo ós recursos financeiros.

3.3.6. Verificación do cumprimento do artigo 133.5 da LOREX

Tódalas empresas suxeitas á obriga de comunicar datos da súa facturación debido a que se tivese superado o millón de pesetas cumpriron coa dita obriga de xeito oportuno. Neste caso atópanse doce empresas que facturaron servizos prestados por un importe de 207 millóns de pesetas.

Tal como se expón no apartado 1.7 deste informe circularizouse a tódalas empresas que facturaron por importe superior a cen mil pesetas, verificándose que existe coincidencia entre os importes facturados que figuran rexistrados na contabilidade do partido político e os importes resultantes da información derivada desa circularización. Neste caso atópanse 74 empresas: o importe total da súa facturación ascende á cantidade de 223 millóns de pesetas.

A circularización realizada representa o 90% do total de gastos xustificadas.



Non se atoparon outras incidencias dignas de mención.

3.3.7. Tesourería da campaña

Tódolos ingresos e pagos contabilizados fixéronse por medio das contas correntes abertas para a campaña electoral, tal como establece o artigo 125.1 da LOREX, ben directamente ou ó través da caixa do partido, con fondos procedentes das devanditas contas correntes.

Polo que respecta ás contas bancarias da campaña electoral, a conta 572 presenta un saldo debedor, na data de peche da contabilidade, que ascende á cantidade de 85.592 pesetas.

Na data de peche da contabilidade electoral rendida ó Consello de Contas, só figuran como obrigas pendentes de pago os xuros devengados e non vencidos dos préstamos concertados pola formación política, así como o reintegro do saldo disposto dos mencionados créditos. Como xa se dixo no apartado 3.3.3.1 sería mellor utiliza-la conta 526 en lugar da conta 581.

Tódolos pagos se realizaron dentro do prazo establecido no artigo 125.3 da LOREX.

3.3.8. Cálculo do límite máximo da subvención

De acordo co exposto no apartado 2.1 deste informe relativo ós importes das subvencións electorais e coas Resolucións da Xunta Electoral de Galicia de datas 8 de novembro, pola que se fan públicos os resultados xerais e por circunscricións e a relación de deputados proclamados electos nas eleccións ó Parlamento de Galicia celebradas o 21 de outubro de 2001, e 30 de novembro de 2001, sobre correccións de cifras nas circunscricións electorais de Ourense e Lugo e, en consecuencia, dos resultados xerais das eleccións, o importe das subvencións a que tería dereito o PsdeG-PSOE serían as seguintes:

PARTIDO, FEDERACIÓN, COALICIÓN OU AGRUP.	ESCANOS		VOTOS (PTAS/VOTO - 96)		SUBVENCIÓN SUXEITA Ó LÍMITE	Importe en pesetas.		
	Nº ESCANOS	PTAS. POR ESCANO	IMPORTE POR ESCANOS	Nº DE VOTOS		IMPORTE POR VOTOS	SUBV. POR ELECTORES (SOBRES E PAPELETAS)	LÍMITE MÁXIMO SUBVENCIÓN
			[1]			[2]	CENSO - 2.567.670 PTS/ELECTOR-26 [4]	[5]=[3]+[4]
PS deG-PSOE	17	2.582.093	43.895.581	334.819	32.142.624	76.038.205	66.759.420	142.797.625

Así mesmo, para calcula-la subvención líquida a percibir por cada partido, descontaranse os anticipos recibidos a conta.

A proposta do Consello de Contas de subvención para o Partido dos Socialistas de Galicia-Partido Socialista Español é de 142.797.625 pesetas.

A esta cantidade hai que descontarlle 128.517.862 pesetas, en concepto de anticipos recibidos a conta, resultando un líquido a percibir de 14.279.763 pesetas. Así mesmo a esta cantidade débesele restar 51.921

pesetas, xa que o importe xustificado como gastos por envíos electorais é inferior nesa cantidade ó máximo subvencionable, tal como se resume no cadro que se expón a continuación, que, á súa vez, está relacionado co cadro anterior.

Importe en pesetas.

PARTIDO, FEDERACIÓN, COALICIÓN OU AGRUPACIÓN	LÍMITE MÁXIMO SUBVENCIÓN	REDUCCIÓN	SUBVENCIÓN TOTAL PROPOSTA	ANTICIPOS DA SUBVENCIÓN		TOTAL SUBVENCIÓN ANTICIPADA	SUBVENCIÓN PENDENTE RECIBIR
	[5]=[3]+[4]	[6]	[7]=[5]-[6]	1º ANTICIPO [8]	2º ANTICIPO [9]	[10]=[8]+[9]	[11]=[7]-[10]
PS deG-PSOE	142.797.625	51.921	142.745.704	31.269.465	97.248.397	128.517.862	14.227.842

En consecuencia, a subvención pendente de outorgar non poderá ser superior, en ningún caso, a 14.227.842 pesetas, (85.511,05 euros).

3.3.9. Proposta de non adxudicación ou de redución da subvención electoral

Vistos os resultados da fiscalización da contabilidade electoral do Partido dos Socialistas de Galicia-Partido Socialista Español para as eleccións mencionadas, este Consello de Contas resolve non formular ningunha das propostas de non adxudicación ou de redución da subvención electoral previstas no artigo 47.3 da LEPG.

3.3.10. Conclusións

En base ás actuacións realizadas emítense as seguintes conclusións:

1. A documentación requirida foi remitida dentro dos prazos legalmente establecidos.
2. Verificouse o cumprimento dos requisitos relativos á documentación esixida e á levanza dos rexistros contables elaborados con base na mesma.
3. Os gastos realizados quedaron acreditados mediante a documentación remitida e examinada, atopándose comprendidos dentro dos límites legais.
4. Verificouse o cumprimento da legalidade, tanto da estritamente electoral como a de xeral aplicación.
5. A contabilidade electoral rendida polo PSdeG-PSOE é representativa.



Non obstante, considérase procedente formula-las seguintes observacións:

- Os xuros devengados e non vencidos deben contabilizarse con abono á conta 526.- Xuros a curto prazo de débedas con entidades de crédito, en vez da conta 581-Xuros a pagar non vencidos. A conta 526 precisamente recolle no Haber o importe dos xuros devengados durante o exercicio, incluídos os non vencidos, con cargo ás contas 662 e 663.
- Deben separarse axeitadamente, dentro dos gastos ordinarios, os gastos en concepto de publicidade exterior e os relativos a publicidade en prensa e radio, co fin de poder determina-lo límite máximo de gastos e o límite de cada tipo de subvención.
- Cómpre evita-la realización de pagos directos da caixa da formación política, co fin de axustarse o máis posible ó mandato do artigo 125 da LOREX para acadar un maior control da súa aplicación ós fins sinalados.
- A presentación das contas electorais adoece da falta da Memoria, que completa, amplía e comenta a información contida no balance e na conta de perdas e ganancias. Trátase dunha información adicional ó contido das contas, coas que forma unha unidade, polo que é recomendable que se xunte á restante documentación remitida.

3.3.11. Opinión

- 1º) Auditamo-las contas electorais do PSdeG-PSOE, correspondentes ás eleccións ó Parlamento de Galicia celebradas o 21-10-2001, que comprenden o balance de situación e a conta de perdas e ganancias, correspondentes ós gastos e ingresos electorais, sendo a súa formulación responsabilidade do Administrador Xeral do partido.
- 2º) A nosa responsabilidade non é expresar unha opinión sobre contas anuais no seu conxunto, senón fiscaliza-los ingresos e gastos electorais e realizar unha proposta de subvención, tendo en conta os gastos electorais regulares xustificadas ó Consello de Contas, o límite máximo de gastos e o límite máximo de subvención que corresponde ó partido de acordo cos seus resultados electorais.
- 3º) O traballo foi realizado de acordo coas normas de auditoría xeralmente aceptadas, que inclúen o exame, mediante a realización de probas de verificación do total de xustificantes (100%), da evidencia xustificativa das contas electorais e a avaliación da súa presentación e dos principios contables aplicados e das estimacións realizadas.
- 4º) Na nosa opinión as contas electorais presentadas pola formación política expresan, nas áreas de gastos e ingresos, tódolos aspectos significativos contendo a información suficiente para a súa interpretación e comprensión.

5º) A proposta de subvención que formula o Consello de Contas para o Partido dos Socialistas de Galicia-Partido Socialista Obrero Español ascende a 142.745.704 pesetas, cantidade á que hai que descontarlle os anticipos recibidos a conta por importe de 128.517.862 pesetas, resultando un líquido a percibir de 14.227.842 pesetas, (85.511,05 euros).

3.3.12. Alegacións

Ó abeiro do disposto no artigo 58.a) do Regulamento de Réxime Interior do Consello de Contas de Galicia, aprobado por Resolución do 25 de xuño de 1992 do Parlamento de Galicia (DOG nº 138, venres, 17 de xuño de 1992), o día 23 de abril de 2002, púxose en coñecemento do Partido dos Socialistas de Galicia-Partido Socialista Obrero Español o resultado das actuacións deste Consello de Contas, dandolle un prazo de 10 días para a formulación das alegacións que, de se-lo caso, considerasen oportunas.

A) Alegacións formuladas polo Partido dos Socialistas de Galicia-Partido Socialista Obrero Español

O Partido dos Socialistas de Galicia-Partido Socialista Obrero Español non presentou alegacións ó informe de fiscalización ó remate do prazo establecido para tales efectos.



3.4. ESQUERDA DE GALICIA

De conformidade co disposto no artigo 46.1 da Lei 8/1985, de 13 de agosto, de eleccións ó Parlamento de Galicia (LEPG), *“No prazo de catro meses posterior ás eleccións, os partidos, federacións, coalicións ou agrupacións que acadasen os requisitos esixidos para recibir subvencións da Comunidade Autónoma ou que solicitasen adiantos con cargo ós mesmos, presentarán, ante o Consello de Contas, unha contabilidade detallada e documentada dos seus respectivos ingresos e gastos electorais.”*

Sen embargo, esta formación política non presentou ante este Consello de Contas a súa contabilidade electoral, estando na obriga de facelo.

Segundo o disposto no artigo 45.1, do citado texto legal *“ A Comunidade Autónoma de Galicia concederá anticipos das subvencións mencionadas ós partidos, coalicións, federacións e agrupacións que tivesen obtido representantes nas últimas eleccións celebradas ó Parlamento de Galicia, de ata un 30% da subvención percibida naquelas.”*

Con data 1 de outubro de 2001 a Consellería de Presidencia e Administración Pública librou unha orde de transferencia a favor de Esquerda de Galicia, na conta corrente que este partido ten aberta na oficina da Caixa de Aforros de Galicia, sita na rúa Montero Ríos de Santiago de Compostela.

O importe da transferencia foi de 4.810.687 pesetas, sendo o seu contravalor en euros de 28.912,81 €, de acordo coa copia da orde de transferencia aportada pola Xunta de Galicia como parte da documentación acreditativa do pago do primeiro anticipo de subvención electoral, que se calcula en función dos resultados das anteriores eleccións autonómicas, celebradas o día 19 de outubro de 1997, onde esta formación política concorreu en coalición co Partido dos Socialistas de Galicia – PSOE, nas que obtivo unha representación parlamentaria de dous escanos.

Esta formación política non obtivo representación parlamentaria nas eleccións celebradas o día 21 de outubro de 2001.

Na súa consecuencia, e conforme establece o artigo 45.3 da LEPG, *“Os anticipos haberán de reintegrarse na contía na que superen o importe definitivo da subvención”*, Esquerda de Galicia haberá de reintegrar á Administración Autónoma o importe do anticipo de subvención recibido por importe de 4.810.687 pesetas, (28.912,81 euros).

Por conseguinte, a Xunta de Galicia deberá proceder a esixi-lo reintegro, se este non se tivese producido, da cantidade referida por non cumprirse os requisitos para que dita formación política teña dereito a percibir subvencións da Comunidade Autónoma.

3.4.1. Alegacións

Ó abeiro do disposto no artigo 58.a) do Regulamento de Réxime Interior do Consello de Contas de Galicia, aprobado por Resolución do 25 de xuño de 1992 do Parlamento de Galicia (DOG nº 138, venres, 17 de xuño de 1992), o día 23 de abril de 2002, púxose en coñecemento de Esquerda de Galicia o resultado das actuacións deste Consello de Contas, dandolle un prazo de 10 días para a formulación das alegacións que, de se-lo caso, considerasen oportunas.

A) Alegacións formuladas por Esquerda de Galicia

Esquerda de Galicia non presentou alegacións ó informe de fiscalización ó remate do prazo establecido para tales efectos.



4. DECLARACIÓN DE GASTOS REGULARES XUSTIFICADOS

Como xa se expresou no apartado 1.1 deste informe, o artigo 47 da LEPG, nos seus puntos 2, 3 e 4, establece que: “2. *Dentro dos sete meses seguintes ás eleccións, o Consello de Contas pronunciarase sobre a regularidade das contabilidades electorais.*

3. *No suposto de que apreciase irregularidades ou violación dos límites establecidos na materia de ingresos e gastos electorais, poderá propoñe-la non adxudicación ou a redución da subvención a obter da Comunidade Autónoma para o partido, federación ou agrupación implicada.*

Se advertise, ademais, indicios de conductas constitutivas de delicto, comunicarao ó Ministerio Fiscal.

4. *O Consello de Contas remitirá á Xunta e ó Parlamento de Galicia o contido da fiscalización mediante informe razoado e detallado comprensivo da declaración do importe dos gastos regulares xustificadas por cada partido, federación, coalición ou agrupación de electores”.*

Na formulación da pertinente declaración dos gastos xustificadas deberá terse en conta, así mesmo, que o artigo 127 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral establece o principio de que a subvención correspondente a cada formación política non poderá sobrepasa-la cifra de gastos electorais declarados xustificadas polo Tribunal de Contas no exercicio da súa función fiscalizadora.

En cumprimento destas disposicións e tomando en consideración as particularidades e propostas concretas que, no seu caso, figuran no informe específico de cada partido ou coalición, fórmulase a presente declaración, comprensiva dos gastos electorais regulares xustificadas, e a cifra máxima que pode acadala subvención pública, tanto polos votos e escanos obtidos como polo envío directo e persoal ós electores de sobres, papeletas, propaganda e publicidade electorais e da contía resultante das propostas concretas deste informe.

Das propostas de subvención terán que descontarse os adiantos xa percibidos en aplicación da lexislación electoral vixente.

PARTIDO, FEDERACIÓN, COALICIÓN OU AGRUPACIÓN	GASTOS REGULARES XUSTIFICADOS	LÍMITE DA SUBVENCIÓN	Importe en pesetas
			PROPOSTA DE SUBVENCIÓN
Partido Popular	276.009.784	248.646.193	248.646.193
Bloque Nacionalista Galego	197.536.761	143.912.281	143.912.281
PS de G-PSOE	248.558.115	142.745.704	142.745.704
TOTAIS	722.104.660	535.304.178	535.304.178

4.1. IMPORTES LÍQUIDOS PENDENTES DE PERCIBIR

Os importes líquidos pendentes de percibir polos partidos, federacións, coalicións ou agrupacións de electores que obtiveron representación parlamentaria, despois de descontarlle os anticipos de subvención legalmente establecidos, son os que figuran detallados no cadro que de seguido se xunta:

PARTIDO, FEDERACIÓN, COALICIÓN OU AGRUPACIÓN	Importe en pesetas	Importe en euros
	SUBVENCIÓN PENDENTE DE RECIBIR	SUBVENCIÓN PENDENTE DE RECIBIR
Partido Popular	24.864.618	149.439,37
Bloque Nacionalista Galego	14.391.230	86.493,02
PS de G-PSOE	14.227.842	85.511,05
TOTAIS	53.483.690	321.443,45

4.2. IMPORTES A REINTEGRAR

Ó non obter representación nas eleccións ó Parlamento de Galicia celebradas o 21 de outubro de 2001, non lle corresponde percibir subvención pública a Esquerda de Galicia, debendo a Xunta de Galicia esixirlle o reintegro do adianto percibido, en aplicación do artigo 45.3 da Lei 8/1985, de 13 de agosto, de Eleccións ó Parlamento de Galicia, pola contía que seguidamente se detalla:

PARTIDO, FEDERACIÓN, COALICIÓN OU AGRUPACIÓN	Importe en pesetas	Importe en euros
	ANTICIPO A REINTEGRAR	ANTICIPO A REINTEGRAR
Esquerda de Galicia	4.810.687	28.912,81
TOTAIS	4.810.687	28.912,81



Consello de Contas
de Galicia

ANEXOS



Consello de Contas
de Galicia

ANEXO I. RESUMO DE GASTOS E SUBVENCÍONS



ANEXO RESUMO DE GASTOS E SUBVENCIÓNS

PARTIDO POLÍTICO	GASTOS CONTABILIZADOS	GASTOS REGULARES XUSTIFICADOS	LÍMITE DA SUBVENCIÓN	PROPOSTA DE SUBVENCIÓN	ANTICIPO DA SUBVENCIÓN	LÍQUIDO A PERCIBIR	
						Pesetas	Euros
Importe en pesetas							
Partido Popular					(A)		
Votos e escanos	209.250.364	209.250.364	181.886.773	181.886.773	157.022.155	24.864.618	149.439,36
Electores	66.759.420	66.759.420	66.759.420	66.759.420	66.759.420	0	0
TOTAL PARTIDO POPULAR	276.009.784	276.009.784	248.646.193	248.646.193	223.781.575	24.864.618	149.439,36
Bloque Nacionalista Galego							
Votos e escanos	130.777.341	130.777.341	77.152.861	77.152.861	62.761.631	14.391.230	86.493,03
Electores	66.759.420	66.759.420	66.759.420	66.759.420	66.759.420	0	0
TOTAL BNG	197.536.761	197.536.761	143.912.281	143.912.281	129.521.051	14.391.230	86.493,03
PSdeG-PSOE							
Votos e escanos	181.850.616	181.850.616	76.038.205	76.038.205	61.810.363	14.227.842	85.511,05
Electores	66.707.499	66.707.499	66.707.499	66.707.499	66.707.499	0	0
TOTAL PSdeG-PSOE	248.558.115	248.558.115	142.745.704	142.745.704	128.517.862	14.227.842	85.511,05
TOTAL	722.104.660	722.104.660	535.304.178	535.304.178	481.820.488	53.483.690	321.443,45

(A) Aplícase o importe de anticipos en primeiro lugar ó envío de electores

PARTIDO, FEDERACIÓN, COALICIÓN OU AGRUPACIÓN	ESCANOS		VOTOS (PTAS/VOTO - 96)		SUBVENCIÓN SUXEITA Ó LÍMITE [3]=[1]+[2]	SUBV. POR ELECTORES (SOBRES E PAPELETAS)		LÍMITE MÁXIMO SUBVENCIÓN [5]=[3]+[4]
	Nº ESCANOS	PTS. POR ESCANO	IMPORTE POR ESCANOS [1]	Nº DE VOTOS		IMPORTE POR VOTOS [2]	CENSO - 2.567.670 PTS/ELECTOR-26 [4]	
PP	41	2.582.093	105.865.813	791.885	76.020.960	181.886.773	66.759.420	248.646.193
BNG	17	2.582.093	43.895.581	346.430	33.257.280	77.152.861	66.759.420	143.912.281
PS de G-PSOE	17	2.582.093	43.895.581	334.819	32.142.624	76.038.205	66.759.420	142.797.625
TOTAIS	75	2.582.093	193.656.975	1.473.134	141.420.864	335.077.839	200.278.260	535.356.099

PARTIDO, FEDERACIÓN, COALICIÓN OU AGRUPACIÓN	Importe en pesetas							
	LÍMITE MÁXIMO SUBVENCIÓN [5]=[3]+[4]	REDUCCIÓN (B) [6]	SUBVENCIÓN PROPOSTA [7]=[5]-[6]	ANTICIPOS DA SUBVENCIÓN		TOTAL SUBVENCIÓN ANTICIPADA [10]=[8]+[9]	SUBVENCIÓN PENDENTE RECIBIR	
				1º ANTICIPO [8]	2º ANTICIPO [9]		Pesetas	Euros
PP	248.646.193	0	248.646.193	68.216.422	155.565.153	223.781.575	24.864.618	149.439,36
BNG	143.912.281	0	143.912.281	40.344.869	89.176.182	129.521.051	14.391.230	86.493,03
PS de G-PSOE	142.797.625	51.921	142.745.704	31.269.465	97.248.397	128.517.862	14.227.842	85.511,05
TOTAIS	535.356.099	51.921	535.304.178	139.830.756	341.989.732	481.820.488	53.483.690	321.443,45

[B] A redución do PSdeG-PSOE débese a que os gastos contabilizados e xustificadas como gastos por envíos electorais son inferiores á subvención máxima na cantidade de 51.921 ptas.

Véxase o apartado 3.3.3.2 e o apartado 3.3.8 do informe.




Consello de Contas
de Galicia

ANEXO II. RESULTADO DA ACTIVIDADE FISCALIZADORA DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA




XUNTA ELECTORAL DE GALICIA




En execución do acordo adoptado pola Xunta Electoral de Galicia o día 15 de abril de 2002 e para dar cumprimento ó disposto no artigo 132.5 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime electoral xeral, doulle traslado do informe de fiscalización aprobado no día de hoxe sobre os ingresos e gastos electorais das forzas políticas concorrentes ás pasadas eleccións ó Parlamento de Galicia celebradas o día 21 de outubro de 2001.

A Coruña, 15 de abril de 2002

O presidente


Jesús Souto Prieto



CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Sométese a consideración da Xunta Electoral de Galicia, para o exercicio da función fiscalizadora que lle atribúe a Disposición Final Primeira da Lei Autonómica 8/1985, do 13 de agosto en relación co Art. 132.5 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño o seguinte

INFORME

Sobre o cumprimento das normas establecidas no Capítulo VII do Título I da Lei Orgánica 5/85 e Título VI da Lei Autonómica 8/85 polas forzas políticas que concorriron ás eleccións ó Parlamento de Galicia celebradas o día 21/10/2001 e obtiveron representación parlamentaria e dereito a percibi-las subvencións correspondentes.

I. MARCO LEGAL

Aínda que no título VI da Lei Autonómica 8/1985 non se atribúe expresamente á Xunta Electoral de Galicia competencia algunha en materia de ingresos, gastos e



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

contabilidade electoral, polo que podía pensarse que dita función fiscalizadora corresponde exclusivamente ó Consello de Contas, a Disposición Final Primeira da citada Lei remite, no non previsto na mesma, á Lei Orgánica 5/1985 reguladora do Réxime Electoral Xeral na que si se atribúe ás Xuntas Electorais Centrais e Provinciais a fiscalización, na súa vertente de control de legalidade, do cumprimento das normas establecidas nos Arts. 121 a 133 de dito texto legal polas forzas políticas que concurran ós procesos electorais.

Dunha interpretación sistemática e concordada de ambos textos legais pódese chegar á conclusión de que a Xunta Electoral de Galicia é competente para velar polo cumprimento das normas sobre ingresos, gastos e contabilidade electorais contidas nas citadas leis xerais e autonómica, concluindo a súa función co envío ó Consello de Contas dun informe no que se recolla o resultado da actividade fiscalizadora.

Polo tanto, a fiscalización encomendada á Xunta Electoral de Galicia pódese definir como unha actividade de



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

control de legalidade previo e compartido co Consello de Contas.

II. ALCANCE E CONTIDO DA FUNCIÓN FISCALIZADORA.

Dacordo co establecido no artigo 132 e 133 da Lei Orgánica 5/1985, á Xunta Electoral de Galicia lle corresponde:

A. Velar polo cumprimento das normas establecidas en dita Lei durante o prazo comprendido entre a data da convocatoria e o centésimo día posterior á celebración das eleccións, e que se refiren ás seguintes actividades:

1. Nomeamento de administradores e administrador xeral por cada unha das candidaturas que concurran ó proceso electoral, e comunicación á Xunta Electoral (Art. 121-123 e 124 Lei 5/1985).
2. Tomar coñecemento das contas bancarias abertas polos administradores para a recaudación de fondos.



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

3. Verificar que tódolos ingresos e pagos se canalizan a través das contas electorais, e que tódolos ingresos se destinan ós fins establecidos (Art. 125-1 e 2 da Lei 5/1985).
4. Comprobar que non se realizaron pagos para gastos electorais con cargo ós saldos das contas pasados noventa días dende a data da celebración das eleccións (Art. 125-3 Lei 5/85).
5. Cerciorarse de que os que aporten fondos ás contas electorais deixen constancia da súa identificación nos termos previstos no Art. 126 da Lei 5/1985.
6. Comprobar que non se aportaron ás contas fondos prohibidos polo Art. 128 Lei 5/1985, e que non se superou o límite de aportación dun millón de ptas. por persoa física ou xurídica fixado no Art. 129 da mesma norma.



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

7. Verificar que se cumpriu o límite cuantitativo dos gastos electorais fixado no Art. 131 da Lei 5/85, e os límites de publicidade electoral recollidos nos Art. 55-3 e 58-1 da citada norma.

B. Recibi-la contabilidade que remitan ó Consello de Contas as forzas políticas que concorriron ás eleccións e obtiveran representación parlamentaria ou solicitaran adiantos con cargo ás subvencións.

Para o cumprimento da súa función a Xunta Electoral poderá recabar dos administradores calquera información contable, e das entidades bancarias calquera información financeira relacionada cas contas electorais.

Si da súa actividade investigadora a Xunta Electoral encontrase indicios de conductas constitutivas de delitos electorais o porá en coñecemento do Ministerio Fiscal, e sancionará por sí mesma as demais infraccións non tipificadas penalmente.



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Do resultado da súa actividade fiscalizadora elevará informe o Consello de Contas.

III. FISCALIZACIÓN REALIZADA

A. PREVIA Á RECEPCIÓN DA CONTABILIDADE.

1- Administradores e contas de tódolos partidos que concorriron ás eleccións.

Tódolos partidos e coalicións electorais que concorriron ás pasadas eleccións autonómicas celebradas o día 21-10-2001, comunicaron á Xunta Electoral de Galicia o nome do seu administrador xeral e as contas bancarias abertas a efectos electorais.

2- Reclamación de datos ás entidades bancarias para verifica-lo cumprimento do disposto no artigo 126 da Lei 5/1985.

Enviáronse escritos con data 22 de outubro de 2001 a tódalas entidades financeiras para que remitisen a información



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

prevista no Art. 132-2 en relación co Art. 126 da Lei 5/1985, sen obter contestación de ningunha entidade.

Con data 19-11-2001 reiterouse a petición da mesma información ás entidades financeiras sin que tampouco se obtivese contestación algunha, a excepción de Caixa Galicia que si o fixo por escritos do 27 de febreiro de 2002 dirixidos ó Consello de Contas.

3. Comunicación a tódolos administradores electorais

Dirixiuse escrito a tódolos administradores xerais recordándolles a necesidade de contabilizar tódolos ingresos e axustar tódolos gastos electorais ó disposto nos Artigos 121, 126 e 130 da Lei 5/1985.

B. POSTERIOR Á RECEPCIÓN DA CONTABILIDADE

Soamente presentou contabilidade electoral ante a Xunta Electoral de Galicia o Bloque Nacionalista Galego mediante escrito do 15-2-2001.



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Á petición da Secretaría da Xunta Electoral, o día 6 de marzo de 2001, o Consello de Contas de Galicia remitiu á Xunta Electoral copia das contabilidades electorais do Partido Popular e do Partido Socialista de Galicia – PSOE.

Por conseguinte, só de estas tres forzas políticas se pode obter en principio información complementaria á reseñada anteriormente neste escrito, polo que é convinte que o Consello de Contas recabe das entidades financeiras a información necesaria dos demais partidos políticos que, concurrindo ás eleccións, non están obrigados a presentar contabilidade detallada dos seus ingresos e gastos.

IV. FISCALIZACIÓN DAS CONTABILIDADES RENDIDAS

A fiscalización da contabilidade das forzas políticas que obtiveron representación parlamentaria circunscríbese á análise do cumprimento dos extremos relacionados no apartado II deste informe, sendo cometido do Consello de Contas o exame da regularidade da contabilidade electoral,



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

tanto no referente ó cumprimento da legalidade como á representatividade da contabilidade rendida e á xustificación documental dos rexistros contables.

1. *Documentación presentada.*

1.1. Partido Popular

Con fecha 23-1-2002, e polo tanto dentro do prazo máximo previsto no Art. 46-1 da Lei de Eleccións ó Parlamento de Galicia, o administrador xeral do Partido Popular remitiu a seguinte información contable:

- a. Balance de sumas e saldos.
- b. Conta de resultados.
- c. Cadro de orixe e aplicación de fondos.
- d. Libro Maior e Diario.
- e. Xustificantes contables.



1.2. Bloque Nacionalista Galego

Con data 15-2-2002 dentro do prazo máximo previsto no Art. 46-1 da Lei de Eleccións ó Parlamento de Galicia, o administrador xeral do Bloque Nacionalista Galego remitiu a seguinte información contable:

- a. Balance de situación.
- b. Balance de sumas e saldos.
- c. Conta de perdas e Ganancias.
- d. Memoria.
- e. Libro Diario.
- f. Libro Maior.
- g. Xustificantes contables.

1.1. Partido Socialista de Galicia - PSOE

Con data 21-2-2002, e polo tanto dentro do prazo máximo previsto no Art. 46-1 da Lei de Eleccións ó Parlamento de Galicia, o Partido Socialista presenta a seguinte información contable:



- a. Balance de situación.
- b. Conta de resultados.
- c. Libros: Diario e Maior
- d. Xustificantes contables.

Tamén presenta de forma separada a mesma información referida a operacións por “MAILING”.

2. Verificación do cumprimento dos principios de unidade de caixa e de afectación dos ingresos ós fins electorais (Art. 125 Lei 5/1985).

2.1. Partido Popular

Do exame dos estados contables pode deducirse, en termos xerais, que tódolos ingresos e pagos contabilizados se efectuaron a través da conta corrente aberta para a campaña electoral.



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Non obstante, en contabilidade aparece unha conta de Tesourería, da que a súa apertura non foi comunicada, con unha disposición de fondos de 20.000.000 pts.

2.2. Bloque Nacionalista Galego

Esta forza política, ademais de actuar ca conta comunicada á Xunta Electoral, operou con outras catro contas, traspasando entre o 5 de decembro de 2001 e o 2 de xaneiro de 2002 os saldos á conta principal.

As contas nas que ten movementos son as seguintes:

- Caixa de Galicia - OP - Santiago n° → 3040137721
- Caixa de Galicia - Pontevedra n° → 3040054502
- Caixa de Galicia - Lugo n° → 3040080136
- Caixa de Galicia - Ourense n° → 3040041113
- Caixa de Galicia - Santiago n° → 3040137846

Tódolos ingresos e gastos rexistrados na contabilidade canalizáronse a través das contas antes reseñadas.



2.3. Partido Socialista de Galicia - PSOE

Esta forza política operou con sete contas bancarias, das cales tres foron comunicadas á Xunta Electoral de Galicia e as outras catro a cada unha das Xuntas Electorais Provinciais.

As contas coas que operou foron as seguintes:

- Caixa Galicia O.P. c/c → 3040137755
- Caixa Galicia O.P. c/c → 3040137763
- B. Popular O.P. Santiago c/c → 0600478829
- Caixa Galicia - Pontevedra c/c → 3040007648
- Caixa Galicia - Ourense c/c → 3040053710
- Caixa Galicia - Lugo c/c → 3040075835
- Banco Pastor – A Coruña c/c → 0000104038

3. *Verificación de que non se realizaron pagos con cargo ós saldos das contas pasados noventa días da data de celebración das eleccións.*

3.1. Partido Popular



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Da información contable resulta que a última disposición de fondos da conta do Banco Popular realizouse o día 4-1-2002, cumpríndose o disposto no Art. 125-3 da Lei 5/85.

3.2. Bloque Nacionalista Galego

As últimas disposicións dos saldos das contas bancarias realizáronse o día 20 de xaneiro de 2002, cumprindo tamén co disposto no Art.125-3 da Lei 5/85.

3.3. Partido Socialista de Galicia - PSOE

Os últimos pagos realizáronse antes do 20-1-2002, cumprindo co disposto no Art. 125-3 da Lei 5/85.

4 . Verificación da identidade das persoas que aportaron fondos ás contas electorais.

4.1. Partido Popular



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Según se deduce da contabilidade, esta forza política financiose da seguinte forma:

a. Xunta de Galicia, anticipo de subvención recibido ...	68.216.421
b. Pólizas de Crédito do Banco Popular	184.938.703
c. Aportación do Partido Popular	<u>20.000.000</u>
<u>TOTAL.....</u>	<u>273.155.124</u>

4.2. Bloque Nacionalista Galego

Segundo se desprende da contabilidade, esta forza política financiose da seguinte forma:

- Xunta de Galicia. Anticipo de subvención recibido	40.344.870
- Póliza de Crédito	114.394.985
- Aportacións:	
- Do Bloque	39.937.399
- De particulares identificados	1.785.000
<u>TOTAL.....</u>	<u>196.462.254</u>



4.3. Partido Socialista de Galicia – PSOE

Segundo se desprende da contabilidade esta forza política financiouse basicamente do seguinte xeito:

- Xunta. Anticipo de subvención recibida	31.269.465
- Pólizas de crédito do Banco Popular	59.058.998
- Pólizas de crédito de C. Galicia	50.762.424
- Aportacións do Partido Socialista	105.867.169
<u>TOTAL</u>	<u>246.958.056</u>

5. Verificación de que non se superou o límite de 1.000.000 ptas. por persoa en concepto de aportación.

5.1. Partido Popular

Non se realizou ningunha aportación de persoa física ou xurídica, salvo as do propio partido.

5.2. Bloque Nacionalista Galego



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Do exame dos rexistros contables, resulta que ningunha aportación identificada é superior a 1.000.000 ptas, excepto as do propio partido.

5.3. Partido Socialista de Galicia - PSOE

No se realizou ningunha aportación de persona física ou xurídica, excepto as do propio partido.

6. Verificación de que non realizaron aportacións persoas ou entidades ás que llo prohiba a Lei.

6.1. Partido Popular

Pola mesma razón exposta anteriormente pode afirmarse que non se realizou ningunha das aportacións prohibidas polo Art. 128 da Lei 5/85.

6.2. Bloque Nacionalista Galego



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Do exame da información contable dedúcese que ningunha aportación identificada foi realizada por persoas ou entidades relacionadas no Art. 128 da Lei 5/85, aínda que non é posible verificar si algunha das empresas que lle aportaron fondos teñen contratos coas Administracións Públicas.

6.3. Partido Socialista de Galicia - PSOE

Nos rexistros contables non figura ningunha aportación realizada por algunha entidade relacionada no Art. 128 da Lei 5/85.

7. Verificación do cumprimento dos límites dos gastos electorais.

Este límite calcúlase sobre a base da poboación de dereito referida o 1 de xaneiro de 2000, publicada no BOP do 6-9-2001, que ascende a 2.731.900 persoas.

7.1. Partido Popular



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Respeta o límite máximo de gastos electorais, segundo pode deducirse das notas e dos estados contables, tal como se detalla a continuación:

- Límite total de gasto (poboación de dereito de Galicia X 77)210.356.300
- Gastos totais realizados polo Partido Popular276.009.784
- A deducir, gastos de envío directo de sobres e papeletas electorais. Máximo número de electores censados (2.567.670 X 26)66.759.420
- Gasto real computable inferior ó límite total de gastos209.250.364

7.2. Bloque Nacionalista Galego

Non excede o límite máximo de gastos electorais, segundo se deduce da contabilidade presentada.

- Límite total de gastos electorais (2.731.900 X 77)210.356.300
- Gastos totais realizados polo BLOQUE197.536.761



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

- A deducir, gastos de envío directo de sobres e papeletas. Máximo (2.567.670X26)66.759.420
- Gasto real computable inferior ó límite total de gastos130.777.341

7.3. Partido Socialista de Galicia - PSOE

Non sobrepasa o límite máximo de gastos electorais según se deduce da contabilidade presentada:

- Límite total de gastos electorais
(2.731.900 x 77)210.356.300
- Gastos totais realizados polo PSG-PSOE197.536.761
- A deducir, gastos de envío directo de sobres e papeletas.
Máximo 2.567.670 x 2666.759.420
- Gasto real computable inferior ó límite total de gastos181.798.695



8. Verificación do cumprimento dos límites establecidos nos Artigos 55-3 e 58-1 da Lei 5/85 en materia de propaganda electoral.

A contía dos citados límites é a seguinte:

A. Publicidade mediante carteis, valas, pancartas, etc.

25% do límite máximo de gastos electorais

(Art. 55-3)52.589.075

B. Publicidade en prensa, radio.

20% do límite máximo de gastos

electorais (Art. 58-1)42.071.260

Segundo se deduce da documentación contable presentada, os gastos realizados polas forzas políticas que obtiveron representación parlamentaria en materia de publicidade foron as seguintes:

8.1. PARTIDO POPULAR

- Publicidade en valas, carteis, etc.

(publicidade exterior)56.585.710

- Prensa, radio, etc.40.600.000



8.2. BLOQUE

- Publicidade en Valas, carteis etc.
(publicidade exterior)40.000.000
- Prensa, radio, etc.30.046.400

8.3. PARTIDO SOCIALISTA DE GALICIA - PSOE

- Publicidade en valas, etc (publicidade exterior) ..48.500.000
- Prensa, radio, etc.39.345.753

Para o cálculo dos gastos de publicidade exterior do Partido Popular, añadiúselle ó importe fixado como tal gasto na súa contabilidade, (Cta. 627001) a cantidade de 6.148.000 pts. correspondente a unha factura da mesma natureza imputada a outra conta (Cta. 627019). Polo tanto, excede do límite máximo señalado para publicidade exterior en 3.996.635 pts.

Para o cálculo dos gastos de publicidade exterior do Partido Socialista añadiúselle ó importe fixado como tal gasto na súa contabilidade (Cta. 627000001) a cantidade de 3.039.500 pts. correspondentes a parte da mesma factura imputada á conta



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

627000009, e da mesma forma, ós gastos de prensa, radio, etc. da Cta. 627000002 sumóuselle a cantidade de 3.173.614 pts, correspondentes a dúas facturas imputadas á conta 627000009.

Non obstante, e dado que o Art. 55-3 non figura entre os citados como directamente aplicables ás eleccións autonómicas pola Disposición Adicional 1ª-2 da Lei Orgánica 5/1985, existen dudas razoables sobre a súa aplicabilidade ás eleccións ó Parlamento de Galicia celebradas o día 21-10-2001 pola vía xenérica da supletoriedade prevista no apartado 3 de dita Disposición Adicional 1ª.

4. CONCLUSIONES

A. Non se ten coñecemento algún dos ingresos e pagos electorais realizados polas forzas políticas que concurrindo ás eleccións do 21-10-2001 non presentaron a contabilidade por non acadar representación parlamentaria, nin solicitasen anticipo de subvención.



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

B. Ó non realizarse unha fiscalización completa da contabilidade presentada polo P.P., BLOQUE e Partido Socialista, tarefa que incumbe ó Consello de Contas, as afirmacións contidas neste informe deben interpretarse no senso de que se deduciron da propia documentación aportada polas citadas forzas políticas sen contrastalas ca documentación complementaria que, no exercicio da súa función fiscalizadora, poidera solicitar o Consello de Contas para verificar se a contabilidade reflexa a “*imaxe fiel*” das operacións realizadas.

Santiago, 8 de abril de 2002

O interventor xeral do Parlamento de Galicia

Fdo. D. José M^a Ameijenda Cuns